

Relatorio:

Campaña pola  
abolición do  
illamento penitenciario

Marzo, 2023

**Elaborado por:**

**ESFULCA**

**IACTA**

**OTEANDO (OBSERVATORIO PARA LA DEFENSA DE LOS  
DERECHOS Y LAS LIBERTADES)**

Este material aparece baixo a licenza de Copyleft. As autoras permiten o uso total ou parcial da súa obra sen restricións, sempre que aparezan os seus nomes e a fonte.

## ÍNDICE

1. Introducción .....	4
2. Marco xurídico .....	9
2.1. Lexislación nacional .....	9
2.1.1 Administración Xeral Penitenciaria .....	9
2.1.2 Cataluña .....	16
2.2. Estándares internacionais sobre o illamento penitenciario .....	19
2.2.1 As Regras Mínimas Para o Tratamento de Reclusos (Regras Mandela) ..	19
2.2.2 Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos (PIDCP) .....	20
2.2.3 Regras penitenciarias europeas .....	21
2.2.4 Recomendacións dos órganos de tratados de dereitos humanos sobre a materia en relación co estado español .....	23
2.3. Xurisprudencia .....	33
2.3.1 Xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH) .....	33
2.3.2 Sentenzas do Tribunal Constitucional (STC) .....	34
2.3.3 Sentenzas do Tribunal Supremo (STS) .....	35
2.4. Resolucións do Comité de dereitos humanos da ONU .....	35
2.5. Resolución do Parlamento Europeo, de 5 de outubro de 2017, sobre condicións e sistemas penitenciarios .....	36
3. Efectos do illamento penitenciario .....	37
3.1. Efectos físicos .....	37
3.2. Efectos sobre a saúde mental .....	38
3.3. Efectos na saúde materna e infantil .....	39
3.4. Efectos sobre a mortalidade .....	40
3.5. A Declaración de Istambul sobre os efectos da reclusión en réxime de illamento .....	40
4. Vulneracións de dereitos na implantación da medida de illamento .....	43
4.1. Dereito á vida e á integridade física e moral .....	43
4.2. Afastamento das persoas presas .....	44
4.3. Liberdade relixiosa e de culto e racismo institucional .....	45
4.4. Atención médica .....	45
4.5. Asistencia ás actividades de tratamento como forma de reeducación e reinserción social (art. 25 CE) .....	47
4.6. Tutela xudicial efectiva (art. 24 CE) .....	50

4.7.	Sancións encubertas.....	50
4.8.	Xénero.....	52
5.	Testemuños .....	54
6.	Conclusións .....	57

## 1. Introducción

Son catro as razóns polas que se aplica o illamento penitenciario no Estado español: como *medida coercitiva provisional* polo tempo estritamente necesario; como *limitación reximental* co fin de garantir a orde do establecemento, aplicado pola dirección do centro, ou a petición da persoa presa cando teme pola súa seguridade; como *sanción disciplinaria* por falta grave ou moi grave e como clasificación en primeiro *grao de tratamento*.

A razón *securitaria* á que apelan algúns xuristas para xustificar o illamento penitenciario pode levarse a cabo con maiores garantías non só a través doutras sancións disciplinarias, senón mellorando o clima social da prisión. Só unha ordenada convivencia pode asegurar a vida e integridade das persoas privadas de liberdade.

O movemento de presos sociais durante a Transición denunciou as duras condicións das cadeas franquistas e forzou así a reforma do sistema penal e penitenciario; a aprobación da Lei Orgánica Xeral Penitenciaria no 1979 (LOXP no resto do texto) non concedeu a amnistía reclamada, mais legalizou a represión institucional facendo do réxime pechado unha modalidade de tratamento. O seu desenvolvemento normativo (1989-1995), a través de ordes, circulares e instrucións, foi a resposta á conflitividade carceraria resultado da masificación e as nefastas consecuencias do crecente consumo de heroína.

Actualmente, o réxime pechado recóllese no art. 10 da LOXP e desenvólvese o Regulamento Penitenciario do 1996 (RP/96 no resto do texto). Concretamente, o art. 74.3 RP/96 indica que este «*se aplicará aos penados clasificados en primeiro grao polo seu perigo extremo ou manifesta inadaptación aos réximes común anteriores [aberto e ordinario] e aos preventivos en quen concorran idénticas circunstancias*». Aínda que o RP/96 nada matiza sobre o «perigo extremo», deixando a porta aberta á arbitrariedade en referencia á valoración da carreira delitiva, indica que a «inadaptación» da conduta penitenciaria debe ser grave, permanente e manifesta, circunstancias que non sempre se respectan á hora da clasificación en primeiro grao ou 7 art. 10 LOXP.

Ademais do anterior, os principios básicos que deben inspirar a súa aplicación, recollidos na Instrución 9/07 son a *excepcionalidade*, *transitoriedade* e *subsidiariedade*, que adoitan brillar pola súa ausencia aínda que se recollan formalmente:

*Excepcionalidade.* A aplicación do réxime pechado sen esgotar todos os mecanismos dispoñíbeis dificulta a reinserción futura.

*Transitoriedade.* A falta dunha intervención activa, intensa e dinámica con este colectivo implica a cronificación no tempo, de efectos devastadores.

*Subsidiariedade.* As graves carencias de psiquiatras e a ausencia de psicólogos clínicos impide descartar patoloxías e problemas de saúde mental que deberían ser abordados de xeito especializado, en lugar de agravados polo propio illamento e a falta de atención.

Institucións Penitenciarias está obrigada por lei a ofertar á poboación reclusa actividades tratamentais orientadas a favorecer a súa reinserción social, sendo estas sempre de carácter voluntario. Son numerosas as dificultades para axeitada execución de modelos de intervención en réxime pechado: espazos reducidos e infradotados, controis rutineiros permanentes, incompatibilidades entre presos e presas e, o máis contraproducente, a desconfianza do equipo técnico, aínda maior ca a do corpo de axudantes encargados da custodia.

Todo isto explica que os principios inspiradores do *Programa Marco de Intervención para Internos en Réxime Pechado* (PMIIRP, 2004) non pasen de ser unha declaración de intencións que non consegue facerse operativa a pesar dos sucesivos protocolos de actuación, o último recollido na Instrución 17/2011. A crúa realidade é máis ben a contraria: ausencia de alianzas terapéuticas, serias carencias na abordaxe dos trastornos derivados do illamento, descoido na adecuación paulatina ao réxime ordinario e forte desarraigo comunitario, non sendo excepcionais os casos en que se produce a excarceración directamente desde o réxime pechado; en definitiva, asistimos a procesos de enquistamento neste réxime de vida.

Tendo en conta o descenso evidente da conflictividade nas prisións españolas –ausencia

de motíns e diminución da taxa de mortes violentas—, na actualidade o colectivo de persoas que sofren o illamento non se nutre de internos de «extremo perigo», senón que está composto polo sector máis vulnerábel da poboación reclusa, ou sexa, o que arrastra o maior risco de exclusión social debido a carencias que se agravan co illamento. A institución penitenciaria non só le como inadaptación o que debería interpretar como extrema vulnerabilidade, senón que contribúe coa súa resposta cruel, inhumana e degradante a causar un dano aínda maior, en moitas ocasións irreparábel.

Desde esta perspectiva, os posíbeis efectos preventivos do réxime pechado, de ser tales, fórono a un alto prezo. En primeiro lugar, porque non impediu a comisión de homicidios e asasinatos en Departamentos Especiais; en segundo lugar, e moito máis importante, porque constitúe un espazo xerador de violencia e agresividade, non só a que exerce a poboación reclusa, senón a que padece ao ser permanentemente vulnerados os seus dereitos fundamentais, como a saúde, a integridade física e moral, ou o dereito a non sufrir torturas.

Dado que Institucións Penitenciarias non consegue facer cumprir as súas propias recomendacións, e moito menos as dos organismos internacionais de dereitos humanos no que ás diferentes modalidades de illamento se refire, a poboación reclusa sometida a este réxime de vida «goza» duns dereitos que non pode exercer.

Por outra banda, non podemos esquecer que as condicións de vida en prisión nunca foron e non poden ser saudábeis. E non só pola insuficiente atención médica, senón que o encerro prolongado dana profundamente a psique das persoas. A ruptura dos vínculos con outras persoas e o estigma social son consecuencias moitas veces irreversíbeis do encerro. Pasar unha tempada preso ou presa ten tamén consecuencias físicas, ademais das psicolóxicas: entumecemento muscular, perda de visión, olfacto e oído a longo prazo son só algunhas das secuelas físicas que sofren as persoas despois de pasar unha tempada na cárcere. Todo isto agrávase de xeito moi especial para as persoas presas que cumpren condena en réxime de illamento penitenciario.

Na práctica, o réxime de illamento penitenciario implica unha limitación das saídas ao

patio (entre 2 e 4 horas por día, ou até 6 horas en Catalunya, que ten competencia en materia de execución penitenciaria, aínda que este límite non sempre se cumpre. A Comunidade Autónoma Vasca que recentemente tamén asumiu as competencias, até o momento non temos coñecemento de que ditara norma algunha ao respecto, polo que entendemos que seguirá aplicando a da Administración Xeral). Estas supoñen limitación dos contactos con outras persoas presas, cacheos e rexistros diarios, cambios continuos de cela, limitación dos obxectos permitidos na cela, comidas en solitario, restrición do contacto cos funcionarios, negación dos permisos de saída, restrición das comunicacións con persoas do exterior (limitación a dúas cartas semanais), negación ou limitación de actividades culturais, deportivas e espirituais. A falta de contacto humano e de actividade tradúcense nun prexuízo serio sobre a saúde física e mental de quen o sofre, cando non acaba directa e definitivamente coas súas vidas.

A opacidade, a ausencia de transparencia do que ocorre nos módulos ou departamentos de réxime pechado non axuda a que estas persoas poidan acceder ao fin de reinserción que o art. 25.2 da Constitución predica como obxectivo fundamental do cumprimento das penas privativas de liberdade.

É precisamente o devandito precepto o que nos dá un mandato ineludíbel sobre as condicións da privación de liberdade que, en todo caso, permitirá o desenvolvemento integral da personalidade da persoa presa. A pregunta é obvia: o réxime pechado da nosa lexislación permite o devandito desenvolvemento integral da personalidade?

Todo isto contradí o art. 10.1 da propia Constitución, que declara que «*A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e ós dereitos dos demais son fundamento da orde política e da paz social*».

A intromisión en valores como a dignidade humana, o desenvolvemento integral da personalidade ou dereitos fundamentais requiriría unha regulación integral a través de lei orgánica; porén, só contamos cun precepto, o art. 10 da LOXP, que cumpre coa devandita condición e no seu número 3 límitase a dicirnos que:

*«O réxime destes centros caracterizarase por unha limitación das actividades en común dos internos e por un maior control e vixilancia sobre os mesmos na forma que regulamentariamente se determine».*

E, de xeito absolutamente incomprensíbel, non establece limitación temporal de tal restrición de dereitos, limitándose a dicir que:

*«A permanencia dos internos destinados nestes centros será polo tempo necesario até que desaparezan ou diminúan as razóns ou circunstancias que determinaron o seu ingreso».*

O desenvolvemento dun réxime de vida tan limitativo déixase ao Regulamento e ás Instrucións e Circulares da SXIIPP, chegándose incluso a regularse determinados aspectos a través de ordes de dirección dos directores de cada centro penitenciario concreto.

As limitacións que impoñen estas normas puramente regulamentarias describen un tratamento cruel e inhumano, que degrada as persoas e as afasta do libre desenvolvemento da súa personalidade, e atenta contra a súa dignidade humana e os seus dereitos fundamentais.

A campaña pola abolición do illamento penitenciario, iniciada hai anos polas asociacións que elaboraron este relatorio, pretende:

- Informar toda a poboación da regulación legal sobre o illamento penitenciario.
- Expor as graves consecuencias físicas e psicolóxicas e, en xeral, que sobre a saúde xera a aplicación do réxime de illamento.
- Visibilizar os relatos de persoas que o sufriron.
- Manifestar que a regulación prevista na nosa lexislación supón un tratamento cruel e inhumano.

O presente estudo enmárcase dentro desta campaña como un documento e ferramenta para apoiar os obxectivos da abolición do illamento penitenciario. Recolle en primeiro

lugar o marco xurídico no que se desenvolve, facendo fincapé nos estándares internacionais e as resolucións xudiciais relativas ao mesmo. Posteriormente, explica os efectos que o illamento penitenciario provoca a nivel físico e psíquico. Despois, expón as vulneracións de diferentes dereitos que supón o devandito réxime. Ulteriormente, recolle unha serie de testemuños que reforzan os argumentos esgrimidos no documento. E finaliza cunha serie de propostas para facer viábel a desaparición deste réxime co fin de adecualo ao cumprimento dos dereitos humanos.

E, todo isto, co fin de promover A INMEDIATA DERROGACIÓN DO RÉXIME DE ILLAMENTO PENITENCIARIO.

## 2. Marco xurídico

### 2.1. Lexislación nacional

#### 2.1.1 Administración Xeral Penitenciaria

Desde a aprobación da LOXP, 1/1979, de 26 de setembro, o ocorrido nos centros penitenciarios nunca estivo exento de polémica, a ausencia de transparencia do que ocorre tras os seus muros favorece esa situación. O réxime pechado e o illamento en xeral é, sen dúbida, unha desas situacións de opacidade cuxa aplicación afecta a moitos dereitos fundamentais.

Consecuencia desta opacidade foi que a Sala 3.<sup>a</sup> do TS tivo que declarar ilegal a Circular 21/1996, de 26 de decembro que regulaba o réxime Ficheiros de Internos de Especial Seguimento (FIES), e recentemente a Orde de Servizos 6/2016, aplicable aos FIES. A derogación vén a cabo tras a continua denuncia das entidades sociais, á que se sumou o Defensor do Pobo poñendo en cuestión este réxime nos relatorios que o Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura realizou tras as visitas a varios centros penitenciarios.

Actualmente, o réxime legal do réxime cerrado recóllese no art. 10 da Lei Orgánica Xeral Penitenciaria e nos art. 89 a 94 do Regulamento Penitenciario (RP) para os penados e no art. 97 RP para os preventivos. Por outra banda, tamén está a sanción de illamento, que ten o seu réxime legal propio e que veremos nunha sección específica.

O art. 10 LOXP regula o réxime pechado como unha excepción ao ordinario e aberto, para penados cualificados de perigo extremo ou para casos de inadaptación a estes dous últimos réximes e para preventivos nos que concorran idéntica cualificación ou inadaptación ao réxime de vida ordinario.

Este artigo, o 10, é o único que recolle a lei, o resto déixase en mans da Administración: en primeiro lugar, a través do desenvolvemento regulamentario, nun segundo chanzo por medio das Instrucións e Circulares que o departamento que xestiona as prisións

vaian ditando e, nun terceiro chanzo, a través das ordes de dirección dos propios centros penitenciarios.

É evidente que un réxime tan extremadamente limitativo, que afecta os dereitos fundamentais das persoas presas, non pode ser regulado a través de normas emanadas en exclusiva da propia administración que as aplica, resultando de todo punto arbitrario e inxustificado. Todo isto afástao do contido do art. 25.2 da Constitución cando establece que *«O condenado a pena de prisión que estea cumprindo esta gozará dos dereitos fundamentais deste capítulo, fóra dos que se vexan expresamente limitados polo contido da sentenza condenatoria, o sentido da pena e a lei penitenciaria»*.

O Regulamento Penitenciario, nos art. 89 a 94, regula o réxime pechado, baixo os seguintes parámetros:

- Separación absoluta do resto da poboación reclusa.
- Limitación das actividades en común.
- Maior control e vixilancia.
- Acatamento, «de xeito especial», de cantas medidas de seguridade, orde e disciplina elabore o Consello de Dirección.
- As limitacións reximentais non poderán ser iguais ou superiores ás que se aplican á sanción de illamento en cela.
- Debe existir un programa de intervención específico que garanta a atención personalizada aos presos que se atopen no devandito réxime, por equipos técnicos, especializados e estábeis.

Nos devanditos artigos deséñanse dúas modalidades de vida:

- a) Centros ou módulos de réxime pechado para aqueles penados que mostren unha manifesta inadaptación aos réximes comúns, caracterizados por:
  - Un mínimo de catro horas diarias de vida en común, ampliable a outras tres para realizar actividades programadas (co número de internos que concrete o Consello de Dirección, e non poderá ser de menos de cinco) como máximo en

compañía doutro interno).

- Cunha programación detallada de actividades culturais, deportivas, recreativas ou formativas, laborais ou ocupacionais.

b) Departamentos especiais para aqueles penados que foran protagonistas ou indutores de alteracións reximentais moi graves, que puxeran en perigo a vida ou integridade dos funcionarios, autoridades, outros internos ou persoas alleas á Institución, tanto dentro como fóra dos Establecementos e nas que se evidencie un perigo extremo.

Caracterizados por:

- Un mínimo de tres horas diarias de saída ao patio (como máximo, en compañía doutro recluso). Ampliábel a outras tres para realizar actividades programadas (como máximo, xunto con outros catro reclusos).
- Rexistro diario das celas e cacheo dos internos. Con posibilidade de cacheos con un integral por orde do Xefe de Servizos dando conta ao Director, en caso de sospeita fundada de que o interno posúe obxectos prohibidos e de que razóns de urxencia esixan unha actuación inmediata.
- Visitas médicas programadas informando ao Director sobre o seu estado de saúde.
- O Consello de Dirección elaborará as normas de réxime interno (referidas a servizos de barbería, duchas, perruquería, economato, distribución de comidas, limpeza de celas e dependencias comúns, disposición de libros, revistas, xornais e aparellos de radio e televisión e sobre as roupas e utensilios), e os programas xenéricos de intervención para lograr a progresiva adaptación do interno á vida en réxime ordinario, e a incentivación para a súa reinsertión social. Tanto as normas como os programas teñen que ser referendados polo Centro Directivo (Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias).

O traslado a estes centros, establecementos ou departamentos realizarase por resolución motivada do Centro Directivo que, nun prazo máximo de 72 horas, dará conta

ao Xulgado de Vixilancia Penitenciaria (XVP) e á persoa presa, indicándolle expresamente a esta última a posibilidade de recurso ante o XVP.

A revisión do réxime realizarase cada tres meses, valorándose o interese pola participación e colaboración nas actividades programadas, a cancelación de sancións ou ausencia das mesmas durante períodos prolongados de tempo, e a axeitada relación cos demais.

No caso de persoas presas menores de vinte e un anos, toda revisión, tanto de modalidade como de grao, que supere os seis meses de permanencia no mesmo réxime de vida será remitida ao Centro Directivo para a súa resolución. Igualmente, os acordos, xa sexan sobre asignación de modalidade ou revisión de grao, que non sexan adoptados por unanimidade, remitiranse ao Centro Directivo para a súa resolución.

A Administración Penitenciaria, ao longo destes anos, desenvolveu os preceptos regulamentarios en varias circulares e instrucións, sendo de aplicación na actualidade as seguintes:

Nos centros penitenciarios dependentes da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias do Ministerio do Interior:

- O punto 2.1 da Instrución 9/2007
- Varios puntos da Instrución 3/2010, que regula o Protocolo en Materia de Seguridade.
- Os puntos I e II da Instrución 5/2011, ditada con motivo da Reforma do Regulamento Penitenciario por RD 419/2011.
- A Instrución 12/2011 sobre internos Ficheiros de Internos de Especial Seguimento (FIES no resto do texto) e Medidas de Seguridade.
- A instrución 15/2011 que regula un programa de normalización de condutas.
- E a Instrución 17/2011, que regula o protocolo de intervención e normas de réxime pechado.

O resumo de como se desenvolve a vida en réxime pechado recóllese na Instrución 17/2011, de 8 de novembro, e é o seguinte:

a) Módulos Especiais (Modalidade Art. 93):

- 3 horas diarias de saída ao patio (independentemente da choiva, renuncia, cafetaría) + 3 horas de actividades programadas.
- Rexistro diario de cela.
- Cacheo diario persoal á saída e entrada da cela, e integral se existen sospeitas de que teña obxectos perigosos (con orde motivada do xefe de servizos).
- Débense colocar sempre ao fondo da cela cando aparece un funcionario.
- Saída ao patio ou ás actividades un por un.
- Poden dispor dunha cabeza de máquina eléctrica sen corta patillas.
- Roupa e útiles mínimos.
- Posibilidade de ter só 3 libros, 3 revistas ou xornais, e material didáctico se cursan estudos.
- Teñen restricións de solicitar produtos ao economato dependendo do seu envasado ou o peche (o pedido realízase a primeira hora e entrégase no paseo ou na cela en presenza do funcionario).
- Poden enviar roupa á lavandaría unha vez por semana e acceder ao servizo de perruquería só na propia cela e previa petición.
- Chamadas telefónicas igual que o resto de reclusos, salvo esixencia de acreditación do titular do teléfono fixo ou móbil ao que desexan facer chamadas.
- Comunicacións intimas, familiares e de convivencia: igual que o resto de persoas presas.
- Como máximo, terá 1 compañeiro de patio.
- Como máximo, terá 5 compañeiros para actividades.
- As comidas son subministradas polo pasa bandexas da porta.

- Poden acceder ás duchas só durante o tempo de patio durante un máximo de 10 minutos.
- Non realizan a limpeza das zonas comúns dos departamentos. Só limpan as súas celas e corredores anexos á mesma.
- Poden acceder a reprodutores de música, (40/13 cm) e TV (19 polgadas).
- Os servizos médicos programarán as visitas periódicas.

b) Centros Pechados ou Departamentos Pechados (Modalidade art. 94)

- 4 horas diarias de saída ao patio + 3 horas para actividades programadas.
- Poden ter só unha máquina de barbear desbotable.
- Deben realizar limpeza de zonas comúns do departamento
- O resto, igual ao réxime nos módulos especiais.

Por outra banda, están os Internos de FIES de seguimento 2 e 3 (que pertencen á Delincuencia Organizada e a Banda Armada) que estean en réxime pechado, cuxa situación especial se regula na Instrución 12/2011, de 29 de xullo, sobre Internos de Especial Seguimento/ Medidas de Seguridade:

Ás restricións xa mencionadas segundo a modalidade hai que engadir os controis que se recollen no punto 3 da Instrución 12/2011.

Aínda que se di «medidas de seguridade que non comportan restrición de dereitos», a práctica supón restricións importantes aos mesmos. Algunhas destas son: confinamento en módulos que controlan a relación ou contacto con outros internos, durante todas e cada unha das actividades que desenvolvan; relacións con funcionarios e outros internos; control de movementos, do peculio (cartos propios); posíbel redución de tarefas no exterior do módulo; control de teléfonos e outros medios de comunicación; control máis rigoroso nas saídas ao exterior do módulo para realizar comunicacións (orais, escritas); control das saídas a consultas sanitarias e calquera outra que supoña saída

do módulo asignado.

Sobre os cambios de cela, establécese a non asignación de celas contiguas dos que se lles atribúa afinidade ideolóxica, ademais de incluír roldas nocturnas, que poderán efectuarse cada hora, apertura de celas para control.

Tampouco se lles informará das saídas a centros sanitarios ata o momento en que se produzan, con posíbel negativa a acceso a consulta médica se se valoran motivos de seguridade e sometidos a cacheos, requisas ou recontos. En caso de que o preso solicite a atención dun médico alleo á institución penitenciaria, será necesaria a autorización da Coordinación de Seguridade e será supervisada por sanitarios da institución carceraria. Do mesmo xeito, propónse a intervención das comunicacións enviando a Seguridade para a súa censura os documentos e materiais recollidos.

As visitas de persoas achegadas limítanse a un máximo de dez, que deberán ser autorizadas por Seguridade. Ás visitas prohíbeselles que porten documentos, papeis escritos ou en branco, revistas, bolígrafos, lapis, negándolles calquera tipo de información e procedéndose a suspender a comunicación e abertura dun expediente sancionador en caso de producirse algunha destas condutas. Antes das visitas, serán rexistrados, cacheados e acompañados por funcionarios no seu traxecto aos locutorios. Durante a comunicación estará presente, cando menos, un funcionario para o control da mesma, tanto na zona dos internos como na dos visitantes, podendo ser pechadas as portas con chave.

Por último, non se autoriza a entrada e/ou tenencia no interior de publicacións que carezan de Depósito legal ou, en caso de telo, que se considere que poidan atentar contra a seguridade do centro, o que supón unha prohibición non regrada e a arbitrariedade nas decisións que tome a Administración.

#### *2.1.1.1 A sanción de illamento*

Ademais do illamento como réxime de vida penitenciario, a lexislación penitenciaria contempla o uso do illamento como sanción. Esta regúlase nos art. 42 LOXP e 111 RP/1981 –que segue en vigor tras a aprobación do RP de 1996– e o Art. 233 RP/96. Segundo estes, pódese sancionar con illamento nos seguintes casos:

- Illamento en cela non superior a 14 días. Só para casos de evidente agresividade ou violencia, ou cando altere reiterada e gravemente a normal convivencia do centro.
- Illamento de 6 a 14 días para faltas moi graves.
- Illamento de luns a venres, por tempo de até 5 días, para faltas graves.
- Illamento de até sete fins de semana para faltas moi graves.
- En caso de repetición da infracción, poderá incrementarse a sanción na metade do seu máximo.
- O culpábel de dúas ou máis faltas poderá sufrir o illamento até de 42 días consecutivos.

A sanción de illamento xerou dúbidas sobre a súa legalidade xa que, segundo o artigo 25.3 da CE «A administración civil non poderá impor sancións que, directa ou subsidiariamente, impliquen privación de liberdade». Mais o Tribunal Constitucional, en sentenza do ano 1987, interpretou o mesmo a favor da súa legalidade ao indicar que:

*«... ao estar xa privado da súa liberdade na prisión, non pode considerarse a sanción (de illamento en cela) como unha privación de liberdade, senón meramente como un cambio nas condicións de prisión; como dixo a nosa doutrina, non é senón unha mera restrición da liberdade de movementos dentro do establecemento engadida a unha privación de liberdade imposta exclusivamente por sentenza xudicial...» (STC 2/1987, f.j. 3).*

A pesar de que o TC admitiu a legalidade do illamento como sanción, é preceptivo lembrar que na sentenza do mesmo tribunal, STC 119/1996, dous dos seus maxistrados indicaron a súa desconformidade coa devandita resolución: «*Como é sabido, o artigo 25.2 CE establece que a limitación aos presos dos dereitos fundamentais do Capítulo*

*Segundo do Título Primeiro só poderá producirse sempre que se prevea de xeito expreso, no fallo condenatorio, no sentido da pena e na lei penal, aínda que, ao meu xuízo, a medida de illamento impugnada no presente proceso constitucional afecta o dereito á liberdade proclamado no artigo 17 CE. A mencionada afectación foi afirmada en diversas ocasións por este Tribunal, que cualificou o illamento como "unha grave restrición da xa restrinxida liberdade inherente ao cumprimento da pena" (STC 74/1983, fundamento xurídico 4.º, tamén SSTC 297/1993, 97/1995, 129/1995 195/1995). En efecto, aínda que non poida afirmarse que a medida de illamento en cela sexa, en rigor, privativa de liberdade –pois a devandita cualificación queda reservada tecnicamente á privación da manifestación esencial da ambulatoria, e a medida ten como suxeito pasivo o que está privado dela nese sentido (STC 2/1987)– si que se constata que no illamento prolongado se suprimen de modo evidente outras manifestacións remanentes da citada liberdade: o penado sometido a un réxime de vida rexido na súa case totalidade polo illamento ve restrinxida a súa xa extraordinariamente limitada esfera vital a un ámbito aínda máis reducido. Por iso, unha medida de illamento da índole cuestionada (vinte e dúas horas diarias), ao afectar á liberdade, só resulta admisible ex artigo 25.2 CE se ten cobertura nunha lei».*

O límite temporal establecido para aplicar a devandita sanción é de 14 días, coa posibilidade dunha acumulación (límite do «triplo da maior») de até 42 días. Esta ampliación só en caso de varias infraccións castigadas con illamento, iso si, condicionado á elaboración dun «relatorio previo e recoñecemento do Médico do Establecemento, quen viviará diariamente o interno mentres permaneza nesa situación, informando o Director sobre o seu estado de saúde física e mental e, no seu caso sobre a necesidade de suspender ou modificar a sanción imposta». Cabe sinalar, a este respecto, que a Sentenza do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH) de 19 de xullo de 2012 (Ketreb vs Francia), condenou o Estado francés pola vulneración do art. 3 CEDH, entre outras cuestións, por non valorar o risco para a saúde mental na aplicación dunha sanción de illamento.

Pola súa banda, o Comité Europeo para a Prevención da Tortura (CPT), tras unha visita

a España en 2011, estableceu que «a devandita sanción debería imporse só en casos excepcionais, como último recurso e durante o menor prazo de tempo posíbel. [...] un período de 42 días consecutivos en réxime de illamento constitúe un castigo absolutamente excesivo». Ademais, o Comité recomenda a adopción inmediata de medidas para garantir que ningún recluso sexa posto en réxime de illamento durante máis de 14 días.

#### 2.1.2 Cataluña

En canto aos centros penitenciarios dependentes da Consellería de Xustiza da Generalitat de Catalunya cabe sinalar, en primeiro lugar, que o FIES non atopa aplicación no sistema penitenciario catalán e, en segundo lugar, que non existe na práctica a diversificación entre módulos de réxime pechado e departamentos especiais, senón que todos os internos clasificados en primeiro grao de tratamento –en el art. 93 o 94 del RP– están situados no *Departament Especial de Régim Tancat* (DERT).

O texto de referencia en materia é a Circular 2/2017 (que derogou a Circular 5/2001, en parte como resultado do debate que se xerou no marco do Grupo de Traballo sobre o tema do illamento no *Parlament* de Catalunya).

Esta Circular prevé preceptos e condicións de vida distintas en base á modalidade de vida:

##### a) Modalidade de vida segundo art. 93 RP

Aplicarase, con carácter absolutamente excepcional, aos/ás internos/as que leven a cabo actos que poñan en grave perigo a seguridade ou a integridade física das persoas, xa sexa como autores/as ou como instigadores/as destes actos. Entran nesta categoría tanto os/as autores/as destas accións coa intención de obter un fin determinado como aqueles/as que reaccionan de xeito desproporcionado ás situacións, como consecuencia de carencias graves de autocontrol. Para valorar este perigo extremo, os equipos terán en consideración tanto a gravidade do dano causado ás persoas ou que se tentaba

causar como a persistencia da conduta, alén dunha reacción inmediata e puntual que podería ser susceptíbel dunha sanción disciplinaria por unha falta moi grave, ademais dos índices de risco do RisCanvi.

Supón un réxime de vida de:

- Un mínimo 6 horas diarias fóra da cela, incluídas as 3 horas diarias de patio, a atención individualizada, as actividades programadas e o uso dos espazos comúns.
- No caso de que a persoa presente un estado de agresividade e/ou falta de autocontrol extremo pódese establecer un período inicial de 15 días, no que se garanten: 3 horas de patio diarias e 2 horas á semana de atención individualizada.
- Ao entrar ao DERT, o médico deberá realizar unha primeira visita, á cal seguirán visitas de seguimento unha vez por mes, das cales se deberá informar ao Director do centro penitenciario.
- Asignación dun titor persoal.

A modalidade de vida será revisada pola Xunta de Tratamento cada 45 días (prazo máximo), e a revisión do réxime será realizada pola Xunta de Tratamento e será elevada ao Centro Directivo cada 3 meses.

Os criterios para progresar de modalidade son non cometer ningunha falta grave (aquelas previstas nas seccións a) e e) do art. 109 RP/81) ou moi grave e asistir ao 50 % das actividades fóra da cela, manifestando unha actitude correcta.

b) Modalidade de vida segundo art. 94 RP

Aplicarase cando concorran supostos de inadaptación manifesta ao réxime ordinario ou aberto. A tal efecto, os equipos técnicos valorarán a reiteración de infraccións disciplinarias graves ou moi graves, a participación activa en incidentes colectivos que poñan en risco o funcionamento e a seguridade do réxime penitenciario, ou a participación activa na introdución e distribución de substancias ou outros obxectos

prohibidos que poidan causar grave prexuízo á seguridade e a saúde das persoas no centro penitenciario. A Xunta de Tratamento ponderará se estes supostos superan, pola súa gravidade ou persistencia, as posibilidades de prevención ou modificación mediante o procedemento disciplinario e os outros medios dispoñíbeis no réxime ordinario.

Establécense distintas fases:

- Período Inicial.  
Cunha duración máxima de 15 días, durante o cal se ten que elaborar o PIT. Cun mínimo de 6 horas diarias fóra da cela e entrevista co titor unha vez por semana.

- Fase 1  
Cun mínimo de 4 horas diarias fóra da cela (entre horas de patio e vida en común) máis 2 horas de actividades programadas. Durante a fin de semana e os días festivos, as horas de actividades programadas poderán substituírse por horas de vida en común. Entrevista co titor cada 15 días. Revisión da Fase cada 30 días.

Criterios para progresar de fase: mínimo de 15 días sen cometer faltas moi graves e graves (aquelas previstas polas seccións a) e e) do art. 109 RP/81) e asistir, cando menos, ao 60 % das actividades marcadas en PIT.

- Fase 2  
Cun mínimo de 4 horas diarias fóra da cela (entre horas de patio e vida en común) máis 3 horas de actividades programadas. Entrevista co titor cada 15 días. Revisión da Fase cada 45 días.

Criterios para progresar de fase: mínimo de 30 días sen cometer faltas graves ou moi graves; asistencia ao 60 % das actividades do PIT; mellora nos factores que determinan o perigo ou a inadaptación. Eses factores déixanse ao arbitrio exclusivo do funcionariado, o que supón unha indefensión e que a negativa á progresión poida prolongarse *sine die*.

Valorarase a aplicación do art. 100.2 RP antes de progresar a segundo grao.

Ademais, a Circular tamén prevé que:

- Todas as persoas en réxime pechado teñan un plan de actividade física.
- Os traballadores sociais do DERT terán que manter entrevistas periódicas (non fixándose a súa periodicidade) cos familiares da persoa presa clasificada en primeiro grao.
- Establécese unha coordinación entre o Equipo Multidisciplinar do DERT, a Dirección do centro e os servizos médicos de cara a elaborar protocolos de intervención específicos para os internos con problemas de saúde mental, cunha atención especial ás persoas que permanecen máis de 9 meses no DERT (6 en caso de mozos), mais nada se di da permanencia neste sistema *sine die*.

Existe unha normativa complementaria á regulación deste réxime en Catalunya, que enumeramos:

- I 3/2005 sobre os criterios que deben orientar a elaboración da normativa do DERT de cada centro penitenciario: entrada e saída do DERT, cacheos, rexistros, medidas de seguridade. Trátase de ordes que non son públicas.
- C 2/2001 sobre o órgano competente para aprobar a aplicación do art. 10 LOPG para os/as presos/as preventivos/as.
- C 1/2008 sobre rexistros de internos/as.

## 2.2. Estándares internacionais sobre o illamento penitenciario

Unha vez descrito cal é o estrito réxime de vida sobre o illamento penitenciario regulado na lexislación, pasamos a recoller cales son os estándares internacionais de dereitos humanos na materia. Da súa análise podemos adiantar que nin a LOXP nin o RP nin as Circulares e Instrucións das Administracións Penitenciarias cumpren cos mesmos.

### 2.2.1 As Regras Mínimas para o Tratamento de Reclusos (Regras Mandela)

As Regras Mínimas para o Tratamento dos Reclusos (coñecidas como Regras Mandela, en homenaxe ao defunto expresidente de Sudáfrica que pasou 27 anos na cadea por defender os dereitos humanos) constitúen os estándares mínimos universalmente recoñecidos para a xestión dos centros penitenciarios e o tratamento das persoas privadas de liberdade. Foron adoptadas pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en decembro de 2015.

A Regra 44 define o illamento e o illamento prolongado establecendo que: *«Aos efectos das presentes regras, entenderase por illamento o illamento de reclusos durante un mínimo de 22 horas diarias sen contacto humano apreciábel. Por illamento prolongado entenderase o illamento que se estenda durante un período superior a 15 días consecutivos».*

Por outra banda, a Regra 43 1. prohibe o illamento prolongado como sanción, ao establecer que: *«As restricións ou sancións disciplinarias non poderán, en ningunha circunstancia, equivaler a tortura ou outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes. En particular, quedarán prohibidas as seguintes prácticas: a) o illamento indefinido; b) o illamento prolongado; c) o encerro nunha cela escura ou permanentemente iluminada; [...]».*

Do mesmo xeito, a Regra 45 limita e prohibe o uso das sancións de illamento cando indica que:

- 1. «O illamento só se aplicará en casos excepcionais, como último recurso, durante o menor tempo posíbel e con suxeición a unha revisión independente, e unicamente co permiso dunha autoridade competente. Non se imporá a un recluso en virtude da súa condena.*
- 2. A imposición de sancións de illamento estará prohibida cando o recluso teña unha discapacidade física ou mental que puidese agravarse baixo o devandito réxime. Continúa aplicándose a prohibición de empregar sancións de illamento e medidas semellantes con mulleres e nenos nos casos descritos noutras regras e normas das Nacións Unidas en materia de prevención do delito e xustiza penal».*

### 2.2.2. Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos (PIDCP)

O pacto desenvolve os dereitos civís e políticos e as liberdades recollidas na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e foi adoptado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 16 de decembro de 1966 e entrou en vigor o 23 de marzo de 1976.

Art. 7. «ninguén será sometido a torturas nin a penas ou tratos crueis, inhumanos ou degradantes».

Art. 10.3 «o réxime penitenciario consistirá nun tratamento cuxa finalidade esencial será a reforma e a readaptación penitenciaria», «toda persoa privada de liberdade será tratada humanamente e co respecto debido á dignidade inherente ao ser humano».

### 2.2.3. Regras penitenciarias europeas

Adoptadas polo Comité de Ministros do Consello de Europa, e revisadas por última vez en 2006, o documento define as normas europeas relativas aos dereitos das persoas privadas de liberdade e da administración dos centros penitenciarios.

Regra 1: «...as persoas privadas de liberdade deben ser tratadas de xeito respectuoso cos dereitos humanos».

Regra 3: «as restricións impostas ás persoas privadas de liberdade deben limitarse ao estritamente necesario e ser proporcionadas aos obxectivos lexítimos que se pretendan conseguir con elas».

Regra 43.2: «O/a médico/a, ou un/unha enfermeiro/a cualificado/a que dependa deste/a médico/a prestará unha atención especial á saúde dos internos en condicións de illamento, visitaraos cada día e, cando o pidan os internos ou un membro do persoal penitenciario, prestaralles asistencia e tratamento canto antes».

Regra 53 A: «As disposicións seguintes aplícanse á incomunicación dun interno doutros internos como medida especial de alta seguridade:

- a. os internos incomunicados poderán ter como mínimo dúas horas de contacto humano significativo por día;
- b. a decisión da incomunicación terá en conta o estado de saúde dos internos afectados e calquera discapacidade que puidesen ter e que os puidese facer máis vulnerábeis aos efectos prexudiciais dunha incomunicación;
- c. a incomunicación implantarase durante o tempo mínimo necesario para acadar os seus obxectivos e revisarase regularmente de acordo cos devanditos obxectivos;
- d. os internos incomunicados non se someterán a outras restricións alén das necesarias para acadar a finalidade indicada desta incomunicación;
- e. as celas utilizadas para a incomunicación cumprirán cos estándares mínimos aplicábeis por estas regras noutros lugares que alberguen internos;
- f. canto máis longa sexa a incomunicación dun preso, máis medidas se teñen que tomar para mitigar os efectos negativos, como son maximizar o contacto con terceiros ou facilitarlle o acceso a instalacións e actividades;
- g. os internos incomunicados beneficiaranse, como mínimo, de materiais de lectura e da oportunidade de facer exercicio durante unha hora por día, tal como se especifica para outros internos nas regras 27.1 e 27.2;
- h. os internos incomunicados serán visitados diariamente, tamén polo director da prisión ou un membro do persoal que actúe en nome do director;
- i. se a incomunicación ten efectos negativos sobre a saúde mental ou física dun preso, tomaranse medidas para interrompela temporalmente ou substituíla por unha sanción ou unha medida menos restritiva;
- j. calquera interno incomunicado terá dereito a presentar unha denuncia segundo o procedemento previsto na regra 70».

Sobre os rexistros e controis, a Regra 54 establece que:

- k. «...].4 Non se humillará as persoas ás que se someta a proceso de rexistro.
- l. As persas só poderán ser rexistradas por un membro do persoal do mesmo sexo.

- m. O persoal penitenciario non poderá examinar as cavidades corporais.
- n. Un exame íntimo a raíz dun rexistro só poderá ser realizado por un médico.
- o. Os internos estarán presentes no rexistro dos seus efectos persoais, salvo que as técnicas de rexistro ou o perigo potencial que supón para o persoal o prohiban».

Regra 60.6.: «a. O illamento na cela, ou sexa, a reclusión dun interno durante máis de 22 horas diarias sen contacto humano importante, non se imporá nunca a nenos, mulleres embarazadas, nais lactantes ou pais encarcerados con fillos pequenos.

b. A decisión de levar a cabo unha reclusión illada terá en conta o estado de saúde do interno afectado nese momento. Non se imporá a reclusión illada aos internos con discapacidades mentais ou físicas, se a súa condición se pode agravar por ese illamento. En caso de que se decidise a reclusión illada, interromperase ou suspenderase a aplicación se se deteriorou o estado mental ou físico o preso.

c. A reclusión illada non se imporá como sanción disciplinaria salvo en casos excepcionais e durante un período específico e o máis curto posíbel, e nunca constituirá tortura nin trato ou castigo inhumano ou degradante.

d. O prazo máximo de reclusión illada será definido pola lexislación nacional. 60.6.e Se se impón unha reclusión illada por un novo delito disciplinario a un interno que xa pasara o período máximo en confinamento, esta sanción só se poderá aplicar despois de autorizar o interno a recuperarse dos efectos non desexados do período anteriormente pasado de xeito illado.

e. Os internos en reclusión illada serán visitados diariamente, tamén polo director da prisión ou un membro do persoal que actúe en nome do director».

2.2.4. Recomendacións dos órganos de tratados de dereitos humanos sobre a materia en relación co estado español.

2.2.4.1. *Observacións sobre os módulos de réxime pechado e as medidas de illamento no*

*Relatorio de visita do MNPT durante o ano 2020.*

O Relatorio do ano 2020 do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura (MNPT) do estado español, a raíz das visitas realizadas aos centros penitenciarios, detectou unha serie de vulneracións con respecto á aplicación do réxime pechado.

De xeito xeral, o MNPT detectou que:

Os recoñecementos médicos que se realizan a aqueles internos sometidos a illamento preventivo ou sancionador, ou nesa situación anómala que é a aplicación do art. 75.1, non están protocolizados na súa forma de levarse a cabo. Non existen unhas pautas que determinen en que deben consistir estes recoñecementos, ou visitas, nin onde deben realizarse, nin cal debe ser o contido dos relatorios que se emitan, tampouco como se debe reflectir na historia clínica. (R. 253)

Relativo á información do estado de alarma, os internos dos módulos de réxime pechado denunciaban que non recibiran información constante do que acontecía. Nestes módulos, ademais, hai unha menor dispoñibilidade de televisores. (R. 362)

En visita a centros penitenciarios específicos relevou que:

No CP Madrid IV:

No módulo de illamento do CP Madrid IV, ningún interno levaba a cabo ningunha actividade, a pesar de que poden permanecer nel até varios meses en caso de aplicación de limitacións reximentais do artigo 75 RP. Os patios do módulo de illamento estaban cubertos, na súa parte superior, por reixas e malla metálica, e rodeados de concertinas, sen opción de ver espazo aberto sen trabas visuais. Ademais, non dispuñan de zona teitada para resgardárense das inclemencias climatolóxicas. (R. 254)

No módulo de illamento do CP Madrid IV, o MNPT visitou un interno que se atopaba no centro desde había varios meses por ter xuízos pendentes en Madrid. Este interno saía ao patio sempre só e non facía ningunha actividade. Evidenciaba algún problema de

saúde mental e, segundo referiu, tomaba medicación para iso. (R. 255)

No CP Alacante II:

O equipo directivo asegurou que os internos en réxime pechado participaban no Programa de Intervención de Internos en Réxime Pechado (PIRC), con actividades para reconducir o interno cara á progresión a segundo grao. Porén, os internos entrevistados no módulo de réxime pechado aseguraron que non coñecían ese programa e que apenas tiñan actividades (á parte da saída ao patio e, só nalgúns casos, deporte e escola). (R. 256)

Na Cárcere de Puig de les Basses:

[sobre o módulo de illamento] Observáronse patios pequenos e patios de luces aínda máis pequenos, ausencia de ximnasio cunha mínima dotación de estruturas e espazos de convivencia apropiados. As celas eran especialmente opresivas, con xanelas con reixa e trama metálica sobreposta que dan a un patio de luces, que carece de luz directa ou doutra visión que non sexa cemento a escasos metros. Non pode verse vexetación algunha. Todas en xeral, ao estaren en planta baixa, tiñan moi pouca entrada de luz natural. O conxunto exacerba o carácter de por si carente de estímulos dos módulos DERT<sup>1</sup>. En virtude das entrevistas realizadas cos internos do módulo, apreciouse que o estado emocional das persoas no DERT é moi negativo, con case un 50 % que manifestou unha tendencia autolítica activa ou pasiva nalgún momento. (R. 257) [...] dentro do módulo de réxime pechado do CP Puig de les Basses habería un grupo importante de persoas con discapacidade intelectual e trastornos de conduta. Na observación *in situ* conversouse e analizouse a historia clínica dalgúns dos casos descritos dentro deste perfil, mais non se puido corroborar este extremo. Parecía máis ben tratarse de persoas con antecedentes de experiencias traumáticas e dós múltiples e con problemática psicosocial, mais non persoas con discapacidade intelectual. En calquera caso, é urxente, motivo polo que se formulou Suxestión, buscar unha solución

---

<sup>1</sup>Réxime pechado en Cataluña.

para evitar manter nun módulo de réxime pechado estas persoas cunha problemática de tipo médico ou psiquiátrico e que requirirían un enfoque terapéutico e non disciplinario. (R. 258)

Non existe documentación das obrigadas visitas diarias ás persoas en situación de illamento, nin do preceptivo exame e a indicación de manter ou suspender a medida [.] Estas estaban na planificación de actividades, mais non había unha constancia documental, pese a tratarse de actos de relevancia xurídica moi importante. Aínda que se afirma que se examinaba as persoas en folga de fame e se facía seguimento desta forma de protesta, tampouco había un rexistro que documentase tal actuación. (R. 291)

No CP Murcia II:

En canto á asistencia sanitaria no módulo de illamento, a pesar de que existía unha consulta médica que estaba perfectamente dotada para o seu uso, todos os internos entrevistados, sen excepción algunha, afirmaron que o médico os vía case sempre na súa cela e a través da reixa, cunha total falta de intimidade, incluso en presenza directa do funcionario de vixilancia. (R. 262)

Ademais, sinalou discriminacións por razón de xénero na aplicación do réxime pechado de illamento, en concreto:

No CP de Murcia I e II:

Na visita 100/2020, puido constatar que non existe a posibilidade de ingresar mulleres no módulo de réxime pechado. Tampouco se dá esta posibilidade no Centro Penitenciario Murcia I. Por isto, se algunha interna é clasificada no primeiro grao ou está en situación preventiva e se lle aplica o artigo 10 da LOXP, ten necesariamente que abandonar a provincia. (R. 512)

No CP Antoni Asunción Hernández:

O equipo directivo informou de que as mulleres, nos incidentes que protagonizan, non

adoitan portar armas e a virulencia das súas agresións é moito menor que no caso dos homes. Unha vez rematados os incidentes, é máis fácil que se reconcilien, cousa que non acontece no caso dos homes.

Porén, analizada de xeito pormenorizado a documentación relativa á aplicación das medidas de seguridade e medios coercitivos previstos no artigo 72 RP, que constan na aplicación informática que rexistra estes incidentes, conclúese que o illamento provisional, as correas homologadas e a forza física se aplican nunha porcentaxe maior a mulleres que a homes. De xeito rechamante, apenas se rexistran aplicacións de defensas de goma e de esposas, o que é coherente coa menor agresividade e virulencia dos incidentes no caso das mulleres. O feito de que as mulleres sufran illamento provisional, aplicación de correas para a súa total inmovilización e emprego da forza física nunha porcentaxe maior ca os homes indica que estas medidas son utilizadas como un xeito de castigo informal, que pode suxerir unha maior resistencia da Administración a admitir a insubordinación da muller.

Ademais, constatouse que as mulleres sofren tamén unha porcentaxe desproporcionadamente maior de aplicación do artigo 75.1 (medidas restritivas adoptadas fóra do sistema de garantías do illamento do Regulamento penitenciario) e durante períodos máis prolongados que os homes. (R. 520)

#### *2.2.4.2. Comité Europeo para a Prevención da Tortura (CPT)*

O Comité Europeo para a Prevención da Tortura (CPT), creado polo Convenio Europeo para a prevención da tortura e das penas ou tratos inhumanos e degradantes, examinará o trato dado ás persoas privadas de liberdade para reforzar, chegado o caso, a súa protección contra a tortura e as penas ou tratos inhumanos ou degradantes. A raíz da visita aos centros de privación de liberdade dos países membros, realiza un relatorio. En relación cos Relatorios de visita ao estado español, as recomendacións realizadas a respecto das vulneracións de dereitos que supón o réxime de illamento son as seguintes.

- Relatorio (2007) 28

R77. En cada país haberá un certo número de prisioneiros que, por calquera razón, deben ser separados do resto da poboación carceraria. Este grupo de prisioneiros é de especial preocupación para o CPT, xa que a necesidade de adoptar medidas de seguridade excepcionais con respecto a eses prisioneiros, que normalmente se atopan en unidades especiais, implica un maior risco de trato inhumano e degradante. Ademais, é probábel que todas as formas de reclusión en réxime de illamento teñan, a longo prazo, efectos prexudiciais que provoquen a deterioración das facultades mentais e as aptitudes sociais».

- Relatorio (2011) 11

R132. Na práctica, a delegación do CPT observou que as actividades do réxime eran, en xeral, moi deficientes en todas as prisións visitadas. Os reclusos tiñan poucas ou ningunha oportunidade de pasar o día de xeito construtivo. En particular, non se ofrecía ás persoas clasificadas como extremadamente perigosas o máximo de 3 horas de actividades diarias en grupo previsto no regulamento penitenciario de 1996, e ás clasificadas como non adaptadas ao réxime ordinario non se lles ofrecía o mínimo prescrito de 4 horas de actividades diarias en grupo.

R134. En canto ao contacto co exterior, moitos reclusos queixáronse dos longos atrasos –máis dun mes no Centro Penitenciario de Madrid V– na recepción da correspondencia debido á censura que lles era aplicábel, e de atrasos de até unha semana na entrega de xornais.

R135. O CPT recomenda ás autoridades españolas que non escatimen esforzos no desenvolvemento das actividades do réxime que se ofrecen a todos os presos colocados nun departamento especial.

R136. O CPT reitera a súa recomendación de que se fagan esforzos por mellorar a calidade das relacións entre o persoal e os reclusos nos departamentos especiais. O

CPT recomenda que os reclusos participen no proceso de exame relativo á súa colocación nun departamento especial e que se acorden obxectivos e metas claramente definidos para que un recluso poida ser reclasificado nun réxime ordinario.

R140. A delegación atopou casos de reclusos cuxa colocación en departamentos especiais parecería estar vinculada unicamente á súa inclusión no «FIES», o «registro de reclusos para supervisión especial». O CPT é consciente de que normalmente non debería ser así. As instrucións de seguridade revisadas relativas ás «FIES», emitidas en febreiro de 2006 e proporcionadas ao CPT, establecen que «as medidas que impliquen limitacións de dereitos ou de réxime non deben basearse na inclusión da persoa nas FIES, senón nas circunstancias persoais do recluso que requiran medidas de protección doutros dereitos, ou de salvagarda da seguridade ou a orde do establecemento ou dos intereses do tratamento». Nas instrucións explícase tamén que «tales circunstancias persoais poden establecerse pola concorrencia de características propias dun grupo de internos ou dunha organización». O CPT solicita información sobre os criterios dos réximes aplicados ás persoas incluídas no rexistro «FIES» e sobre a posibilidade de que se lles apliquen determinadas opcións de condena. Ademais, o Comité desexaría saber cales son as «características típicas dun grupo de reclusos ou dunha organización» que poden establecer as «circunstancias persoais que requiren medidas que comporten limitacións de dereitos ou de réxime».

- Relatorio (2013) 6

R64. Aínda que as celas de illamento de 6m<sup>2</sup> poderían considerarse aceptábeis para estadias breves, como o período de cumprimento dunha sanción disciplinaria, apenas son axeitadas para períodos prolongados de detención nun réxime no que o recluso pode estar confinado na cela durante 21 horas ou máis por día.

R66. O CPT recomenda que as autoridades españolas aumenten os seus esforzos para desenvolver un réxime específico para os reclusos colocados en departamentos especiais. A falta de actividades e os prolongados períodos de permanencia nas súas celas agravaron a situación de varios reclusos que mostraban claros signos de

preocupación pola súa saúde mental. O Comité Europeo para a Prevención da Tortura e Outros Tratos ou Penas Inhumanos ou Degradantes recomenda que as autoridades españolas adopten as medidas necesarias para garantir que os reclusos vulnerábeis situados en departamentos especiais reciban a atención e o tratamento axeitados e que os reclusos cun trastorno mental sexan trasladados a un centro médico apropiado.

R147. O CPT recomenda que se reduzan radicalmente os prazos de execución das sancións disciplinarias, coa presunción de que todas as sancións disciplinarias deben cumprirse inmediatamente despois de que se convertan en definitivas; haberá que modificar os prazos actuais establecidos no artigo 258 do RP.

R149. A reclusión en réxime de illamento pode ter un efecto sumamente prexudicial para a saúde mental, somática e social dos interesados, polo que só debe imporse como sanción disciplinaria en casos excepcionais e como último recurso, e polo período de tempo máis breve posíbel. En opinión do CPT, un período continuo de 42 días de confinamento en solitario como castigo é totalmente excesivo. O Comité recomenda que se adopten medidas inmediatas para que ningún preso sexa mantido continuamente en réxime de illamento como castigo durante máis de 14 días. Se o preso foi sancionado co réxime de illamento durante un total de máis de 14 días en relación con dous ou máis delitos, debería haber unha interrupción de varios días no illamento na etapa de 14 días. (recomendación reiterada en CPT/Inf (2013) 8). O CPT tamén considera que sería preferíbel reducir o período máximo posíbel de reclusión en réxime de illamento como castigo por unha determinada infracción disciplinaria.

- Relatorio (2017) 34

R66. O CPT recomenda ás autoridades españolas que tomen medidas para aplicar o espírito e a letra da Instrución 12/2011 da SXIP, desenvolvendo un réxime específico para os reclusos aloxados en módulos de réxime pechado e departamentos especiais dos centros penitenciarios de León, Puerto III, Sevilla II, Teixeiro e Villabona, os reclusos de primeiro grao do centro penitenciario de Puerto I, así como doutros establecementos penitenciarios de ámbito nacional, co fin de promover a súa reinserción no réxime

ordinario. Ademais, o CPT recomenda ás autoridades españolas que adopten todas as medidas necesarias para fomentar, na medida do posíbel, o contacto directo (sen pantallas nin barras) entre os reclusos e as diferentes categorías de persoal que se ocupan deles, como os membros do equipo técnico.

R67. Unha clasificación adicional relativa aos reclusos cun perfil específico é a que proporciona o FIES, un rexistro especial creado por primeira vez polo SXIP en 1991 que se considera un instrumento para asegurar un mellor control dos reclusos cun perfil específico co fin de «garantir a seguridade e a boa orde do establecemento, así como a integridade física dos mesmos reclusos». As autoridades españolas subliñaron reiteradamente que a inclusión dun interno na FIES non determina un réxime distinto do asignado ao interno na súa clasificación ordinaria. Os internos clasificados no rexistro da FIES non poden recorrer a decisión ante o xuíz de vixilancia. A delegación do CPT tomou nota positivamente do feito de que, a diferenza das visitas anteriores, a inscrición dun recluso no rexistro da FIES non implicaba automaticamente o seu aloxamento nun departamento especial, como ocorría nas prisións visitadas durante a visita do CPT en 2011. Por exemplo, nos centros penitenciarios de Puerto III e Villabona, varios internos clasificados no rexistro FIES foron aloxados en módulos ordinarios mentres seguían sometidos a elementos do réxime de primeiro grao (ou sexa, catro horas de exercicio ao aire libre por día).

Porén, a delegación do CPT seguiu observando elementos que indicaban que a clasificación FIES tamén afectaba aspectos importantes do réxime penitenciario. Por exemplo, aos reclusos de primeiro grao clasificados como FIES 5 (debido á sospeita de que pertencían a «organizacions terroristas islámicas») non se lles permitía ter contactos cun imán e só se lles permitía rezar nas súas celas. Isto resultaba especialmente á luz da recente Instrución 02/2016 da SXIP sobre a execución no sistema penitenciario español das «Directrices dos servizos penitenciarios e de liberdade condicional en relación coa radicalización e o extremismo violento» adoptadas polo Comité de Ministros do Consello de Europa en marzo de 2016.

R68. Por outra parte, no transcurso da visita, a delegación do CPT tamén tivo

coñecemento dunha recente instrución do SXIP na que se establece que todos os internos clasificados en virtude do artigo 91.3 RP e pertencentes ao rexistro FIES 1 (control directo) deben ser esposados sistematicamente durante cada traslado fóra da cela. Polo que parece, isto debeuse a un incidente ocorrido o 21 de xullo de 2016 na cárcere de Puerto III. A delegación do CPT puido observar que esta instrución se aplicou a varios internos nos módulos 15 das cárceres de Puerto III e Teixeiro, así como no módulo 13 da cárcere de Sevilla II. O Comité desexa recibir unha copia da instrución pertinente do SXIP sobre a práctica de esposar sistematicamente os internos clasificados en virtude do parágrafo 3 do artigo 91 do Regulamento penitenciario que se observan nos departamentos especiais dos centros penitenciarios de Puerto III, Sevilla II e Teixeiro.

- Relatorio (2020) 5

R59. O CPT recomenda que as autoridades rexionais catalás tomen máis medidas para asegurar que a Circular 02/2017 se aplique plenamente. Deberíase facer fincapé no desenvolvemento dun réxime específico para os reclusos colocados nos DERT con miras a promover a súa reintegración nun módulo de réxime ordinario. En principio, o persoal asignado ao DERT debería estar afiliado ao módulo de xeito regular e poder ofrecer o máximo nivel de actividades previsto na circular 02/2017 durante todo o ano. Ademais, os reclusos afectados por trastornos de saúde mental deben ser colocados nunha contorna médica ou recibir maior atención por parte de persoal especializado, segundo o previsto nas disposicións pertinentes da Circular 02/2017.

R60. O Comité Europeo para a Prevención da tortura e outros tratos ou penas inhumanos ou degradantes recomenda que as disposicións da circular 02/2017 sobre a necesidade de ofrecer unha gama máis ampla e adaptada de actividades educativas, recreativas, deportivas e obradoiros aos adultos mozos aloxados nun módulo DERT se apliquen inmediatamente en todos os DERT de Cataluña que alberguen adultos novos.

R61. CPT recomenda que se apliquen diligentemente na práctica as disposicións pertinentes da circular 02/2017 relativas ás fases progresivas de reintegración dos

reclusos nun módulo ordinario.

Ademais, o CPT emitiu un Relatorio específico sobre o Illamento Penitenciario.

- Relatorio (2011)28 - Relatorio *ad hoc* sobre o Confinamento en solitario

O confinamento en celas illadas restrinxe aínda máis os dereitos de por si moi limitados das persoas privadas de liberdade. As restricións suplementarias involucradas non son inherentes ao encarceramento e, neste sentido, deben ter unha xustificación independente. A fin de determinar se un uso particular da medida está xustificado, resulta apropiado avalialo á luz dos criterios tradicionais consagrados nas disposicións do CEDH e desenvolvidos a través da xurisprudencia do TEDH.

O primeiro criterio é o da proporcionalidade, segundo o cal «toda restrición suplementaria dos dereitos dun preso deberá estar relacionada co dano real ou potencial que o mesmo causara ou podería causar coas súas accións (ou o dano potencial ao que estea exposto) na contorna penitenciaria». O segundo criterio coincide coa lexitimidade: «no dereito interno de cada país debe haber disposicións para cada unha das formas de confinamento illado que se permitan, e estas disposicións terán que ser razoábeis [...] A lexislación debería especificar: as circunstancias precisas nas que se pode impor cada forma de confinamento en celas illadas, as persoas que poden impoñela, os procedementos que deberán seguir esas persoas, o dereito do preso afectado a formular declaracións como parte do procedemento, o deber de dar ao preso razóns o máis completas que sexa posíbel para a decisión (entendéndose que en certos casos podería haber unha xustificación razoábel para manter baixo reserva detalles específicos por motivos de seguridade ou para protexer os intereses de terceiros), a frecuencia e as modalidades de revisión da decisión, e os procedementos para apelar a decisión. O réxime para cada tipo de confinamento en celas illadas terá que estar establecido por lei, cunha diferenciación clara entre cada réxime».

O CPT considera imprescindible que a Administración penitenciaria se encargue de levar a cabo un labor de rexistro e documentación (terceiro criterio) a respecto das decisións

que impoñan o confinamento en solitario, as revisións das mesmas, até mesmo as comunicacións mantidas entre os axentes penitenciarios e a persoa presa. Do mesmo xeito, as Administracións penitenciarias, no marco da aplicación dunha medida de illamento, deberán respectar tamén os principios de necesidade e de non discriminación. En relación con este último, «as autoridades deberían controlar todas as formas de confinamento en celas illadas a fin de garantir que non se usen de xeito desproporcionado, sen un obxectivo e unha xustificación razoábel, contra un preso en particular ou contra grupos específicos de persoas presas».

#### *2.2.4.3. Comité contra a Tortura de Nacións Unidas (CAT)*

O Comité Contra a Tortura (CAT) é o órgano de Nacións Unidas encargado de supervisar a aplicación da Convención contra a tortura e outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes polos seus Estados Partes. Este Comité tivo tamén a posibilidade de manifestarse a respecto de denuncias realizadas no estado español por situacións de illamento. Estas son:

- CAT /C/CR/29/3 (2002)

- 11. d) As severas condicións de reclusión dalgúns dos presos clasificados no denominado FIES. Segundo información recibida, quen se atopa no primeiro grao do réxime de control directo debe permanecer nas súas celas a maior parte do día, nalgúns casos poden gozar de só dúas horas de patio, están excluídos de actividades colectivas, deportivas e laborais e suxeitos a medidas extremas de seguridade. En xeral, parecería que as condicións materiais de reclusión que sofren estes internos estarían en contradición con métodos de tratamento penitenciario dirixidos á súa readaptación e poderían considerarse un trato prohibido polo artigo 16 da Convención.

- CAT/C/SR.1328 (2015)

17. O Comité toma nota da información proporcionada polo Estado parte durante o diálogo segundo o réxime de illamento prolongado esixe autorización xudicial e supervisión estrita por parte do persoal médico. Ademais, o Estado parte informou de que o devandito réxime só se aplica despois de tres infraccións disciplinarias moi graves.

Porén, preocupa ao Comité que os reclusos poden ser internados en réxime de illamento até un máximo de 42 días. O Comité sinala á atención do Estado parte que unha aplicación excesiva do réxime de illamento constitúe un trato ou pena cruel, inhumano ou degradante, e incluso a tortura nalgúns casos (art. 11).

Á luz das recomendacións formuladas polo Relator Especial sobre a tortura e outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes (A/66/268, par. 88), o Comité insta o Estado parte a prohibir de forma absoluta o réxime de illamento que exceda 15 días. Ademais, o Estado parte debería asegurar que a reclusión en réxime de illamento só sexa utilizada como medida de último recurso, polo período máis breve posíbel, baixo estritas condicións de supervisión e control xudicial.

## 2.3. Xurisprudencia

### 2.3.1. Xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH)

As condicións que se viven no illamento penitenciario foron obxecto de denuncia ante o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos por vulneración do art. 3 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos que prohibe a tortura e as penas ou tratos inhumanos ou degradantes.

Así, en STEDH de 8/11/2005 64812/01, Caso Alver contra Estonia, o alto tribunal determinou que todos os Estados teñen a obriga de garantir que «todo preso sexa encarcerado en condicións compatíbeis co respecto á dignidade humana, que as modalidades de execución da medida non sometan o interesado a unha angustia e unha pena dunha intensidade que exceda o nivel inevitábel de sufrimento inherente á prisión e o benestar do prisioneiro están asegurados de forma adecuada [...] o amoreamento, a luz e ventilación inadecuadas, o réxime empobrecido, as malas condicións hixiénicas e o estado de conservación das instalacións das celas, combinadas co estado de saúde do demandante e o tempo que permaneceu preso en tales condiciones, son suficientes para causar unha pena e unha angustia dunha intensidade que excede do nivel

inevitábel de sufrimento inherente á privación de liberdade».

No caso Iorgov contra Bulgaria de 11-3-2004 (40653/98), referido á asistencia médica nese réxime, estableceu que a «violación das normas e da disciplina da cárcere por un interno non poden en ningún caso xustificar a negativa a proporcionarlle asistencia médica».

No caso Salha contra Países Baixos de 6 de xullo de 2006 sobre os rexistros corporais, determinou que estes poden ser contrarios ao art. 3 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos se se practica de xeito rutineiro e sen a debida xustificación.

Por outra parte, nos casos Ilascu contra Moldavia e Rusia de 8 de xullo de 2004 (8 anos en estrito illamento), e caso Ramírez Sánchez contra Francia, 4 de xullo de 2006 (O Chacal. 8 años de confinamento en solitario. Illamento relativo), o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos entendeu que había violación do art. 3 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos, determinando que o feito de confinar en solitario un ser humano con carácter indefinido, sen revisións nin estimulación, aínda que sexa illamento relativo contravén o referido art. 3.

No caso Mathew contra Países Baixos de 29 de setembro do 2005, o TEDH considerou que se vulnerara o art. 3, ao causar ao preso un sufrimento innecesario debido a que estivo en réxime de illamento por un período excesivo (cando menos, 7 meses) nunha cela en malas condicións e sen acceso a poder facer exercicio ou acceso ao aire libre.

Tamén nos casos Piechowicz contra Polonia, de 17 de abril de 2012, e Horych contra Polonia, de 17 de abril de 2012, o TEDH considerou vulneración o art. 3 do Convenio, ao sometelos, durante o réxime especial, a cacheos, rexistros rutineiros continuos, o que contribuíu a facer do illamento un trato inhumano.

### 2.3.2. Sentenzas do Tribunal Constitucional (STC)

Pola súa banda, o Tribunal Constitucional tamén se referiu varias veces a este réxime

pechado. En concreto:

A STC 143/1997, de 15 de setembro, ao referirse ao réxime pechado, indica que esta «debe reservarse a aqueles supostos nos que os fins da relación penitenciaria non poidan ser obtidos por outros medios menos restritivos de dereitos».

E a STC 170/1996, de 29 de outubro, ao referirse aos presos FIES e para o suposto concreto que se formulaba no recurso: «lonxe de tratarse neste caso dunha medida individualizada e de constituír unha resposta a perigos concretos que efectivamente poidan incidir negativamente na boa orde e seguridade do establecemento, adoptaríase sistematicamente a todos os internos clasificados en primeiro grao penitenciario...».

«O mantemento dunha medida restritiva alén do tempo estritamente necesario para a consecución dos fins que a xustifican podería lesionar o dereito afectado». (referíase á intervención das comunicacións, aínda que fala de medidas restritivas).

### 2.3.3. Sentenzas do Tribunal Supremo (STS)

A STS Sala 3.<sup>a</sup> de 17 de marzo de 2009, tras analizar o principio de reserva de lei, declara que as instrucións sobre FIES –LA 21/1996, de 16 de decembro–, ao carecer da natureza e as normas xurídicas ou disposicións de carácter xeral, non é un medio idóneo para regular dereitos e deberes dos internos dos centros penitenciarios (esta sentenza deu lugar á reforma do RP por RD 419/2011 de 25 de marzo).

A STS 54/1992, de 8 de abril, lembra a importancia do XVP xa que, ao darlle conta, lle corresponde «ratificar» a aplicación do art. 10 LOXP.

## 2.4. Resolucións do Comité de dereitos humanos da ONU

O Comité de Dereitos Humanos da ONU que controla a aplicación do Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos tamén se pronunciou sobre esta materia. No caso Anthony MCLeod contra Xamaica (CCPR/62/D/734/1997), sostivo que manter un recluso nunha

cela reducida, vinte e tres horas por día, illado dos demais reclusos, en escuridade, sen que se lle permita traballar nin estudar, constitúe unha violación do seu dereito a ser tratado humanamente e co debido respecto á súa dignidade inherente a ser humano.

## 2.5. Resolución do Parlamento Europeo, de 5 de outubro de 2017, sobre condicións e sistemas penitenciarios

Por último, o Parlamento Europeo, considerando que a prohibición da tortura ou outros tratos o penas crueis, inhumanos ou degradantes é unha norma universal, aplicábel aos adultos e tamén aos menores, e que toda violación dos dereitos fundamentais dos reclusos que non se derive de restricións esenciais para a privación de liberdade vai en detrimento da dignidade humana, aprobou unha resolución o 5 de outubro de 2017 sobre as condicións carcerarias. Referido ao confinamento solitario, establece que:

Punto 27: Manifesta a súa preocupación á vista do elevado número de suicidios rexistrado nas cárceres; solicita a cada un dos Estados membros que elabore un plan de acción nacional para a prevención do suicidio entre os reclusos;

Punto 40: Pide aos Estados membros que utilicen o illamento só como último recurso e cando o detido supoña un perigo os demais reclusos ou para si mesmo, e prevexan todos os mecanismos posíbeis para previr os abusos; pide tamén aos Estados membros que deixen de aplicar o réxime de illamento aos menores;

Punto 46: Subliña que unhas condicións de reclusión inhumanas, os malos tratos e a superpoboación poden ser factores de aumento do risco de radicalización;

### 3. Efectos do illamento penitenciario

Nesta sección realízase unha breve revisión bibliográfica atendendo aos efectos que ten o illamento en distintas dimensións da saúde como son os efectos físicos, mentais, como ansiedade, depresión, psicose, aumento do risco de suicidio, diminución da esperanza de vida e síndrome de estrés pos-traumático. Por último, apúntanse as principais conclusións acadadas con estes obxectivos.

#### 3.1. Efectos físicos

Nun traballo elaborado en 2019 nos Estados Unidos sobre os efectos que produce o illamento penitenciario no sistema cardiovascular, observouse que as persoas clasificadas nese réxime experimentaron unha prevalencia de hipertensión un 31 % máis alta que aquelas persoas que se atopaban noutros tipos de réxime. O estudo tamén advirte que, dado que se centra nas doenzas cardiovasculares relacionadas coa hipertensión e non se consideran outras posíbeis afeccións causadas ou empeoradas pola reclusión en réxime de illamento, se subestima o impacto xeral que o illamento penitenciario ten na saúde e noutros aspectos. Por isto concluían que, xunto co crecente consenso respecto a que a reclusión en réxime de illamento é contraproducente como medida de seguridade pública, é urxente reducir drasticamente a reclusión en réxime de illamento utilizando estratexias alternativas que logren a seguridade do centro penitenciario sen comprometer a saúde. Este estudo tamén suxire que as organizacións de doenzas cardiovasculares poderían unirse a outras asociacións para pedir unha reforma do illamento penitenciario e o estudo dos riscos para a saúde que experimentan as persoas privadas de liberdade, incluídas as que están en illamento<sup>2</sup>.

En relación cos efectos físicos que pode ter para a saúde anciá sometida a illamento penitenciario, algúns traballos apuntan que, dado que ás persoas illadas só se lles permite estar «fóra da cela» entre 7 e 10 horas á semana (con frecuencia, tendo que elixir entre ducharse ou exercicio nun cuarto non maior ca a súa cela), a prolongada falta de luz solar pode causar unha deficiencia de vitamina D, o que pon as persoas adultas maiores en perigo de sufriren fracturas e caídas, que son as principais causas de hospitalización e morte. Ademais, o estudo tamén sinala que a privación sensorial provocada polo illamento –redución dos estímulos auditivos ou visuais– pode empeorar a saúde mental das persoas de todas as idades. No caso das persoas de máis idade, estas privacións tamén poden empeorar a confusión e a perda de memoria<sup>3</sup>.

#### 3.2. Efectos sobre a saúde mental

Como se sinalaba en 2015 no contexto estadounidense<sup>4</sup>, un número cada vez maior de organizacións procedentes do ámbito da atención da saúde e outras organizacións

---

2 <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/PMC6816726/>

3 <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/PMC5105008/>

4 <http://jaapl.org/content/43/4/406.long#sec-6>

profesionais expresaron unha clara oposición a utilizar o réxime de illamento na poboación reclusa. Entre os exemplos máis recentes cabe mencionar a Academia Americana de Psiquiatría Infantil e Adolescente, o Colexio de Avogados dos Estados Unidos, a Asociación Americana de Saúde Pública ou a Asociación Médica Mundial. Tanto os medios de comunicación como as organizacións científicas tamén critican a reclusión en réxime de illamento. Os consellos editoriais dos principais periódicos (*The New Yorker*, *The Atlantic*, *Washington Post* ou *The New York Times*) referíronse á reclusión en réxime de illamento como unha «barbarie» e como unha práctica a respecto da cal «os estadounidenses deberían estar indignados». Do mesmo xeito, entre os organismos internacionais solicitaron que se impoñan restricións severas, tanto temporais como en canto ás condicións, no uso do illamento. Entre esas organizacións atópanse as Nacións Unidas, o Comité Europeo para a Prevención da Tortura, a Comisión Interamericana de Dereitos Humanos e a Comisión sobre a Seguridade e os Abusos nas Prisións dos Estados Unidos.

Ese mesmo traballo sinala que a reclusión en réxime de illamento, que segue sendo de uso xeneralizado e excesivo nos Estados Unidos, presenta graves riscos para a saúde física e mental de toda a poboación reclusa. Sinálase, igualmente, que os argumentos a favor desta medida en relación cos beneficios de seguridade do illamento non son convincentes.

Noutro traballo de 2015 sinálase que o uso xeneralizado do illamento penitenciario nas prisións dos Estados Unidos socava a saúde pública e é un elemento particularmente traumático do encarceramento masivo. Ademais, constátase igualmente o impulso a nivel nacional para reducir o confinamento solitario nas cárceres e prisións, motivado pola constatación de que se utiliza en exceso, causa consecuencias graves e duradeiras para a saúde mental das persoas privadas de liberdade, custa moito máis ca outros modos de encarceramento e fai que as prisións sexan menos seguras. Recoñecen tamén que o uso excesivo do illamento nos Estados Unidos se converteu nunha pedra angular da filosofía penal da nación, unha opción para aplicar amplamente a forma máis dura de castigo a grandes segmentos da poboación encarcerada. Por isto, sinalan que os profesionais da saúde pública teñen a obriga ética de tomar a iniciativa para insistir en que os gobernos substitúan a dependencia desta política correctiva punitiva por modelos baseados na rehabilitación e a xustiza restaurativa<sup>5</sup>.

Nun estudo levado a cabo en 2017 a persoas que se atopaban en réxime de illamento no Departamento Correccional do Estado de Washington, observouse que o illamento penitenciario producía síntomas clinicamente significativos de depresión, ansiedade ou culpa na metade da mostra de investigación. Os datos mostraron taxas desproporcionadamente altas de doenzas mentais graves e de comportamentos autodestrutivos en comparación co resto da poboación reclusa. A análise das entrevistas revelou outros síntomas provocados polo illamento como a perda de identidade e a

---

5 <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/PMC4265928/>

hipersensibilidade sensorial. Este estudo concluíu que, dado que o 95 % ou máis de todas as persoas encarceradas, incluídas as que experimentaron o illamento penitenciario, son finalmente liberadas, a comprensión da psicopatoloxía desproporcionada xoga un papel importante á hora de desenvolver políticas de prevención e abordar as necesidades específicas das persoas que experimentaron o illamento<sup>6</sup>.

Outro traballo publicado en 2018 analizou a relación entre o illamento e os síntomas do trastorno de estrés postraumático (TEPT) nunha mostra de persoas excarceradas. Das 119 persoas participantes, o 43 % tiña antecedentes de illamento penitenciario e o 28 % deu positivo nos síntomas do TEPT. Aquelas persoas que pasaran por illamento penitenciario foron máis propensas a reportar síntomas de TEPT que aquelas que non. Polo tanto, o estudo conclúe que padecer o illamento penitenciario se asociou significativamente aos síntomas de TEPT<sup>7</sup>.

### 3.3. Efectos na saúde materna e infantil

Noutro recente traballo sobre a saúde materna das mulleres encarceradas, non se atopou ningunha análise das prácticas penitenciarias coercitivas como o encadeamento, as restricións e o uso do illamento e como afectan e son experimentados polas mulleres no período perinatal. Aínda que as Regras de Bangkok (2010) esixen a protección das mulleres embarazadas contra os castigos crueis, incluída a reclusión en réxime de illamento, ningún estudo considerou a adhesión a estes requisitos internacionais. Dado que as mulleres encarceradas experimentan taxas desproporcionadas de doenza mental e que as prácticas coercitivas poden agravar, este traballo sostén que as investigacións que analizan os resultados da saúde materna das mulleres encarceradas deberían examinar criticamente o impacto das prácticas coercitivas e punitivas. Por iso, este traballo conclúe que a investigación sobre os resultados da saúde materna das mulleres encarceradas é limitada. É preciso que os investigadores examinen a prevalencia e o impacto das prácticas coercitivas no ámbito penitenciario, como os grillóns, o illamento, o cacheo con nu e as restricións no embarazo<sup>8</sup>.

### 3.4. Efectos sobre a mortalidade

Unha cantidade desproporcionada de suicidios nos reclusos ocorre nas unidades de aloxamento especiais. Polo tanto, o illamento contribúe directamente ao aumento do risco de suicidio nas cárceres. Este é o caso tanto de estar pechado nunha cela por longos períodos de tempo como de sentirse socialmente illado doutras persoas. Nun estudo elaborado entre a poboación privada de liberdade danesa entre 2006 e 2011, analizouse se existía algún tipo de relación entre o tempo transcorrido en réxime de illamento e a mortalidade (morte e causa da morte). O estudo conclúe que as persoas

---

6 <https://pubmed.ncbi.nlm.nih.gov/31967876/>

7 <https://pubmed.ncbi.nlm.nih.gov/28281161/>

8 <https://pubmed.ncbi.nlm.nih.gov/30786097/>

encarceradas que pasaron tempo en illamento tiveron unha mortalidade xeral máis alta cinco anos despois da súa liberación que aquelas que non sufriron ese réxime penitenciario. Os resultados do traballo suxiren unha asociación entre o illamento penitenciario e unha elevada mortalidade por causas non naturais. Os resultados deste estudo indican que o uso do réxime de illamento pode ser un factor clave á hora de explicar a asociación entre o historial de encarceramento e os resultados posteriores á liberación. Os achados do traballo suxiren que as persoas encarceradas que pasaron polo réxime de illamento son unha poboación vulnerábel que precisa intervencións.

### 3.5. A Declaración de Istambul sobre os efectos da reclusión en réxime de illamento.

A Declaración de Istambul sobre os efectos da reclusión en réxime de illamento foi aprobada o 9 de decembro de 2007 no Simposio Internacional sobre o trauma psicolóxico en Istambul, en *Relatorio Provisional do Relator Especial sobre a cuestión da tortura e outros tratos ou penas crueis, inhumanos ou degradantes*, Asemblea Xeral das Nacións Unidas, A/63/175.

A Declaración recolle os efectos da reclusión en réxime de illamento, quedando demostrado de xeito fidedigno en numerosas ocasións que a reclusión en réxime de illamento pode causar graves danos psicolóxicos e ás veces fisiolóxicos. Das investigacións despréndese que entre un terzo e até un 90 % dos reclusos mostra síntomas adversos neste réxime de reclusión. Documentouse unha longa listaxe de síntomas que van desde o insomnio e a confusión até a alucinación e a psicose. Os efectos negativos sobre a saúde poden producirse tras só uns cantos días de reclusión, e os riscos para a saúde aumentan con cada día transcorrido nesas condicións.

As persoas poden reaccionar de xeito diferente ao illamento. Porén, un bo número delas sufrirá graves problemas de saúde con independencia das condicións concretas, o tempo e o lugar, e os factores persoais preexistentes. O dano fundamental da reclusión en réxime de illamento prodúcese porque esta reduce o contacto social a un nivel de estímulo social e psicolóxico que para moitos é insuficiente para manter a saúde e o benestar.

O recurso ao illamento nos centros de detención preventiva ten unha dimensión negativa máis porque os efectos prexudiciais crearán con frecuencia unha situación de presión psicolóxica que pode levar os presos preventivos a declarárense culpábeis.

Cando o elemento de presión psicolóxica se utiliza intencionadamente como parte dos réximes de illamento, estas prácticas son coercitivas e poden constituír tortura.

A reclusión en réxime de illamento afasta moito o individuo do alcance da xustiza. Isto pode causar problemas mesmo en sociedades tradicionalmente baseadas no estado de dereito. A historia da reclusión en réxime de illamento conta con abundantes exemplos de prácticas abusivas nestes contextos. Daquela, onde existen estes réximes é especialmente difícil e extraordinariamente importante protexer os dereitos dos reclusos.

Mais, tamén, a reclusión en réxime de illamento provoca dano nos reclusos que non están mentalmente enfermos e adoita empeorar a saúde mental de quen si o está. Por conseguinte, nas prisións, este tipo de reclusión debe utilizarse o menos posíbel. En todos os sistemas penitenciarios recórrase dalgún xeito ao illamento, en dependencias ou cárceres especiais para quen é considerado unha ameaza para a seguridade e a orde na prisión. Mais, con independencia das circunstancias de cada caso, e de que este réxime se utilice en conexión co illamento disciplinario ou administrativo ou para previr a colusión entre os detidos en prisión preventiva, é preciso tentar aumentar os contactos sociais dos reclusos. Pode facerse de diferentes xeitos, por exemplo, aumentando o nivel de contacto entre o persoal de prisións e os reclusos, posibilitando o acceso a actividades sociais con outros reclusos, autorizando máis visitas, e permitindo e organizando charlas en profundidade con psicólogos, psiquiatras, persoal relixioso e voluntarios da comunidade local. É especialmente importante que teñan a oportunidade de manter e establecer relacións co mundo exterior, en particular cos cónxuxes, compañeiros, fillos e outros familiares e amigos. Tamén é moi importante que os reclusos illados fagan actividades que lles interesen dentro e fóra das súas celas. Das investigacións despréndese que o illamento en pequenos grupos pode nalgúns casos ter efectos semellantes aos da reclusión en réxime de illamento, e que estes réximes non deberán considerarse unha alternativa axeitada.

Segundo o documento, este tipo de reclusión debe prohibirse totalmente nos seguintes casos:

- a) Con condenados a morte e a cadea perpetua
- b) Con reclusos que padezan doenzas mentais
- c) Con nenos menores de 18 anos.

Ademais, cando o illamento se utiliza coa intención de exercer unha presión psicolóxica sobre os reclusos convértese nunha práctica coercitiva e debe prohibirse terminantemente.

Como principio xeral, a reclusión en réxime de illamento só debe utilizarse en casos moi excepcionais, durante períodos de tempo o máis breves posíbel e unicamente como último recurso.

## 4. Vulneracións de dereitos na implantación da medida de illamento

### 4.1. Dereito á vida e á integridade física e moral

A Administración penitenciaria ten o deber de garantir a saúde e a integridade física/psíquica, así como velar pola seguridade das persoas privadas de liberdade, obriga derivada do art. 3.4 da LOXP onde se sinala que «*a administración penitenciaria velará pola vida, integridade e saúde dos internos*».

A Organización Mundial da Saúde<sup>9</sup> menciona que un dos factores que intensifican a aparición do suicidio é o illamento social e físico e que a maioría dos suicidios adoitan darse cando as persoas privadas de liberdade están illadas.

Unha cantidade desproporcionada de suicidios ocorre nestas unidades de aloxamento especiais. Polo tanto, o illamento contribúe directamente ao aumento do risco de suicidio nas cárceres. Este é o caso tanto de estar pechado nunha cela por longos períodos de tempo, con poucos estímulos sensoriais como polo feito de sentirse socialmente illado doutras persoas.

Ademais, estudos contemporáneos, como o Shalev<sup>10</sup>, tamén mostraron que as autolesións tamén son máis comúns nas unidades de illamento que no resto da poboación penal. Os cortes e a automutilación son, con frecuencia, o resultado da frustración e do estrés situacional, onde a única forma de desafogo e liberación da tensión é a automutilación. Ademais, algúns testemuños declararon que as autolesións en situación de illamento lles reafirman que están aínda vivos e non mortos en vida.

Por outro lado, nas seccións de illamento ocorren gran parte dos malos tratos que se producen debido á opacidade que envolve estas seccións. As conclusións da visita do Comité Europeo para a Prevención da Tortura (CPT) no ano 2020 recollen que segue existindo un padrón de malos tratos físicos inflixidos polos funcionarios de prisións como reacción desproporcionada e punitiva ao comportamento recalcitrante das persoas privadas de liberdade. «*Estes malos tratos inclúen varias denuncias de falaka (bastinado), un método de tortura moi coñecido. As denuncias non poden descartarse como reclamacións vexatorias dos presos ou como resultado das accións de un ou dous funcionarios sen escrúpulos, senón que representan unha cultura máis profunda de abuso de poder e impiedade entre certos funcionarios de prisións que traballan nestas cárceres*»<sup>11</sup>.

O CPT tamén recomenda ás autoridades españolas que garantan que os actos de autolesión deixen de ser obxecto de castigos disciplinarios nas prisións. As persoas que

---

9 world health organization. management of mental and brain disorders team & international association for suicide prevention (2007), *Preventing suicide in jails and prison*, WHO/MNH/MBD/00.7. XENEBRA.

10 <https://www.pnsonlegalnews.org/news/pubhcations/hbro-de-referencia-sobre-illamento-sohtano-sharon-shalev-2008/>

11 <https://rm.coe.int/1680a47a78>

se autolesionan ou que corren o risco de facelo deben ser tratadas sempre desde un punto de vista terapéutico e non punitivo.

Por último, o CPT recomenda que as autoridades españolas tomen as medidas necesarias para garantir que ningún preso sexa mantido en condicións de illamento.

#### 4.2. Afastamento das persoas presas

Na actualidade, debido ao reducido número de establecementos penitenciarios que acollen primeiros graos, as persoas sometidas a este réxime excepcional adoitan estar afastadas dos seus fogares.

Segundo datos da institución penitenciaria, a data de maio do 2022 había 455 persoas en primeiro grao penitenciario, das que 14 son mulleres. A súa distribución entre cárceres é irregular. A que máis persoas presas acolle deste perfil é o Centro Penitenciario de Puerto I (Cádiz), con 60 persoas. Despois, a cárcere da Lama (Pontevedra), con 32; e as de Teixeiro (A Coruña) e Mansilla de las Mulas (León), con 31 en cada unha. Hai 29 na de La Moraleja (Palencia) e 28 na de Estremera. Outras 25 cárceres teñen, cando menos, un interno en primeiro grao<sup>12</sup>.

Esta realidade supón unha carga adicional para as familias, que deben viaxar lonxe e tamén terían que pagar transporte, o que fai que lles sexa difícil visitar os seus familiares en prisión. O contacto coas familias e persoas afíns no exterior é fundamental para a reinserción e evitar os efectos da prisionización. O feito de estar en illamento dificulta estes contactos e fai difícil cumprir coa reinserción social establecida no artigo 25.2 da Constitución.

#### 4.3. Liberdade relixiosa e de culto e racismo institucional

O artigo 16 CE garante «a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto das persoas e as comunidades sen máis limitación, nas súas manifestacións, que a necesaria para o mantemento da orde pública protexida pola lei.

O artigo 16.3 CE dispón que «ningunha confesión terá carácter estatal». Esta declaración de neutralidade «veda calquera tipo de confusión entre fins relixiosos e estatais», mais, considerando que existen múltiples variantes dos sistemas que avogan pola separación entre ambas institucións e que no caso español as autoridades públicas teñen encomendado un deber expreso de cooperación coas confesións relixiosas.

A lexislación penitenciaria sempre contemplou a asistencia relixiosa, especialmente a católica. Dispón o art. 54 da LOXP : 1. «A administración garantirá a liberdade relixiosa das persoas presas e facilitará os medios para que esa liberdade poida exercerse».

---

<sup>12</sup> <https://derechopenitenciario.com/noticia/interior-reduce-en-tres-anos-a-menos-de-la-mitad-el-numero-de-presos-clasificados-como-peligrosos/>

Porén, merece especial atención o dereito á asistencia relixiosa no suposto de persoas internas musulmás que a administración penitenciaria considera como «radicalizadas», «radicalizadores» ou «radicalizábeis». Este dereito vese vulnerado.

A aplicación dun réxime restritivo de vida dificulta calquera aspecto relacionado coa práctica colectiva da relixión. As persoas en réxime de illamento teñen limitado e controlado o contacto co resto das persoas presas, a práctica da oración comunitaria resulta incompatíbel co réxime de vida aplicado.

O Ministerio do Interior no ano 2014 creou un programa de prevención da radicalización no ámbito penitenciario no Estado español, que se chama «Programa Marco de intervención en radicalización violenta con internos islamistas». No caso de Catalunya, o goberno autonómico elaborou un protocolo propio, o PRODERAEV, nas cárceres. Estes instrumentos crean un discurso da «radicalización» asociada ao Islam onde, por exemplo, consta como un factor de risco que a persoa presa teña a relixión como «o piar da súa identidade».

#### 4.4. Atención médica

O dereito á saúde é un dereito fundamental e cada persoa ten dereito ao «máis alto nivel de saúde posíbel, propicio para vivir unha vida digna». O acceso á atención médica tamén é recoñecido internacionalmente como un dereito fundamental das persoas presas polas Nacións Unidas (Regra 24 das Regras mínimas das Nacións Unidas para o tratamento dos reclusos), a Comisión Interamericana de Dereitos Humanos (Principio X de Principios e Melloras Prácticas para a Protección das Persoas Privadas de Liberdade nas Américas), o Consello de Europa (Artigo 39 do Regulamento Europeo de Prisións), e a Comisión Africana de Dereitos Humanos e dos Pobos (artigos 20 e 31 das Directrices e medidas para a prohibición e prevención da tortura, os tratos e penas crueis, inhumanos ou degradantes en África).

O dereito á atención médica en prisión tamén se deriva do dereito á vida e a prohibición da tortura e os tratos inhumanos ou degradantes.

A prestación de atención médica na prisión réxese por catro principios xerais afirmados polo dereito internacional: a equivalencia da atención, a necesidade de ter en conta as necesidades específicas das poboacións penitenciarias, a confidencialidade médica e o principio de non discriminación.

Establece o art. 93.4º do Regulamento Penitenciario en relación coas persoas presas clasificadas en réxime pechado, que «*Os servizos médicos programarán as visitas periódicas a estes internos, informando ao Director sobre o seu estado de saúde*».

Estas indicacións tan xenéricas e pouco concretas non se cumpren. Quedaron de manifesto en anteriores epígrafes os efectos do illamento na saúde das persoas presas.

Establece o art. 254 do Regulamento Penitenciario as indicacións para o cumprimento das sancións de illamento:

- 1. As sancións de illamento cumpriranse con relatorio previo e recoñecemento do Médico do Establecemento, que vivirá diariamente o interno mentres permaneza nesa situación, informando ao Director sobre o seu estado de saúde física e mental e, no seu caso, sobre a necesidade de suspender ou modificar a sanción imposta.*
- 2. Nos casos de doenza do sancionado aprazarase a efectividade da sanción de illamento até que o interno sexa dado de alta.*
- 3. Non se aplicará esta sanción ás mulleres xestantes e ás mulleres até seis meses despois da terminación do embarazo, ás nais lactantes e ás que tivesen fillos consigo.*

Estas indicacións na práctica tampouco se cumpren, en moitas ocasións non existe unha vixilancia diaria durante o cumprimento das sancións de illamento.

Queremos destacar as indicacións da Asociación Médica Mundial sobre o Illamento Carcerario, entre as que se atopan<sup>13</sup>:

*«A función do médico é protexer, defender e mellorar a saúde física e mental do recluso, non inflixir un castigo. Polo tanto, os médicos nunca deben participar en ningunha etapa do proceso de decisión que teña como resultado o illamento carcerario, que inclúa declarar unha persoa “apta” para soportar o illamento carcerario ou participar de ningún xeito na súa implantación. Isto non impide que os médicos realicen visitas regulares aos que están en illamento carcerario e presten atención médica e tratamento cando sexa preciso ou que expresen a súa preocupación cando atopen unha deterioración na saúde da persoa».*

#### 4.5. Asistencia ás actividades de tratamento como forma de reeducación e reinserción social (art. 25 CE)

A Constitución española (Art. 25.2) recolle que as penas de privación de liberdade van estar orientadas cara á reeducación e reinserción social:

*«As penas privativas de liberdade e as medidas de seguridade estarán orientadas cara á reeducación e reinserción social e non poderán consistir en traballos forzados».*

Eco deste principio orientador, o artigo 1 da Lei Orgánica Xeral Penitenciaria (LOXP) tamén establece a finalidade de reeducación e reinserción social da institución:

*«As institucións penitenciarias reguladas na presente Lei teñen como fin primordial a reeducación e a reinserción social dos sentenciados a penas e*

---

<sup>13</sup>[Declaración da AMM sobre o Illamento Carcerario - WMA -The World Medical Association](#)

*medidas penais privativas de liberdade».*

Para conseguir esta finalidade, ofrecerase un conxunto de actividades que engloban o que se coñece como o tratamento penitenciario (art. 59 LOXP).

Os estándares internacionais de dereitos humanos na materia tamén recollen este principio como o orientador da pena de privación de liberdade, de xeito que as Regras Mandela<sup>14</sup> na súa sección 4.2 indican que:

*«Para acadar ese propósito [a reinserción], as administracións penitenciarias e outras autoridades competentes deberán ofrecer educación, formación profesional e traballo, así como outras formas de asistencia apropiadas e dispoñíbeis, incluídas as de carácter recuperativo, moral, espiritual e social e as baseadas na saúde e o deporte. Todos eses programas, actividades e servizos ofreceranse en atención ás necesidades de tratamento individuais dos reclusos».*

Tamén o artigo 10, parágrafo 3, do Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos, do cal o estado español é signatario – polo que lle é xuridicamente vinculante – establece que:

*«O réxime penitenciario consistirá nun tratamento cuxa finalidade esencial será a reforma e a readaptación social dos penados».*

As persoas privadas de liberdade, polo tanto, teñen dereito á educación e a participar en actividades culturais e deportivas. O seu acceso debe garantirse a todas as persoas sen discriminación algunha e sen distinción de xénero. En todo caso, deberá tomarse en conta a diversidade cultural e as súas necesidades especiais.

Nun réxime penitenciario destinado á reeducación poden distinguirse dúas dimensións principais<sup>15</sup>. En primeiro lugar, os establecementos penitenciarios deberían ofrecer unha variedade de programas e actividades para as persoas privadas de liberdade. En segundo lugar, os e as reclusas deberían poder manter contacto co mundo exterior e ser alentados a facelo, en particular cos seus familiares e achegados, así como con persoas e institucións que poidan axudalos no seu retorno á sociedade.

O réxime de illamento aplicado nos primeiros graos penitenciarios, como se veu analizando até agora, fai incompatible o mesmo cos fins de reeducación e reinserción.

Pese ao disposto na Instrución 17/2011<sup>16</sup> que regula a actuación do programa de intervención con persoas presas no réxime pechado, resulta antagónica debido a que na maioría dos módulos de illamento non existe infraestrutura para realizar as actividades,

---

14 ORGANIZACIÓN DAS NAÇÕES UNIDAS. Regras mínimas das Nacións Unidas para o tratamento dos reclusos (Regras Nelson Mandela), aprobadas pola Asemblea Xeral, resolución 70/175, o 17 de decembro de 2015. [https://www.unodc.org/documents/justice-and-prison-reform/GA-RESOLUTION/S\\_ebook.pdf](https://www.unodc.org/documents/justice-and-prison-reform/GA-RESOLUTION/S_ebook.pdf)

15 OFICINA DAS NAÇÕES UNIDAS CONTRA A DROGA E O DELITO-UNODC. Avaliación do cumprimento das Regras Nelson Mandela. Nova York. 2017. Páx. 17.

16 [http://www.acaip.info/info/circulares/instruccion\\_17\\_2011.pdf](http://www.acaip.info/info/circulares/instruccion_17_2011.pdf)

as condicións de habitabilidade son deficientes, o patio é minúsculo<sup>17</sup>. Ademais, négaselle ás persoas reclusas neste réxime o acceso aos polideportivos, aducindo motivos de seguridade. Ao anterior engádeselle a falta de persoal técnico cualificado e a falta de medios materiais para levar a cabo algunha intervención nesas circunstancias.

Outras limitacións para poder cumprir coa orientación constitucional consisten na restrición do número de persoas en illamento que poden permanecer xuntas para as posíbeis actividades, así como un tempo moi limitado para realizar as tarefas e ocupacións que se lles poida atribuír, unido aos déficits persoais que as persoas carreen<sup>18</sup>.

A inactividade imposta neste réxime ten efectos nocivos na saúde mental e física. Como vimos con anterioridade e segundo o Protocolo de Istambul<sup>19</sup>, a reclusión en réxime de illamento pode producir graves danos psicolóxicos e ás veces fisiolóxicos nas persoas, que poden presentar síntomas que van desde o insomnio e a confusión até a alucinación e a psicose. Estes efectos negativos sobre a saúde poden comezar a manifestarse tras só uns poucos días de reclusión e agravarse progresivamente. Todo isto agrava calquera tipo de intervención reeducativa, ao contrario do establecido polas normas e a Constitución.

Por último, e non menos importante, neste réxime de illamento e restricións ao que se ven sometidas as persoas presas acentúase a prisionización, multiplicando os factores criminóxicos. A actividade de reinserción resulta incompatíbel co réxime de illamento prolongado, non podéndose «re-educar» e preparar para a vida en liberdade privando dela, en separación da sociedade e sen contactos humanos significativos.

#### 4.6. Tutela xudicial efectiva (art. 24 CE)

As persoas presas conservan todas as manifestacións do dereito á tutela xudicial efectiva (art. 24 CE), entre elas: o dereito á defensa, o dereito á asistencia de avogada/o, o dereito a ser informada da acusación formulada contra ela, o dereito a un proceso público con todas as garantías e sen dilacións indebidas, o dereito a utilizar os medios de proba pertinentes para a súa defensa.

No caso do dereito á defensa, as comunicacións da persoa presa co seu letrada/o defensora expresamente chamado en relación con asuntos penais e con procuradores/as que os representen non poderán ser suspendidas ou intervidas salvo por orde da autoridade xudicial e nos supostos de terrorismo (art. 51.2 LOXP), requirindo tamén neste último caso, como afirma o Tribunal Constitucional, orde previa da autoridade xudicial competente.

---

17 Gallego, Manuel; Cabrera, Pedro J.; Ríos, Julián C. e Segovia, José Luis. *Andar 1 Km. en línea recta. La cárcel del siglo XXI que vive el preso*. Universidade Pontificia de Comillas. Madrid. 2010. Páx. 172.

18 Carou García, Sara. *Primer grado penitenciario y estado de derechos. El estatus jurídico de los reclusos en régimen de máxima seguridad*. Ed. Bosch Penal. 2017. Páx. 331.

19 Manual para a Investigación e Documentación Eficaces da Tortura e outros Tratos ou Penas Cruéis, Inhumanos ou Degradantes (Protocolo de Istambul), Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos, parágr. 145(M) e 234, dispoñíbel en: <http://www.acnur.org/biblioteca/pdf/3123.pdf>.



está á espera dunha resolución que a habilite para iso ou, no caso das persoas clasificadas en primeiro grao, será para aumentar aínda máis as «medidas de seguridade». Supón unha especie de «medida cautelar» sen amparo legal algún.

A este respecto, tamén se pronunciaron algúns Xulgados de Vixilancia Penitenciaria e Audiencias Provinciais. En concreto, a Audiencia Provincial de Madrid, no auto n.º 728/2007, establece que se ten que interpretar este artigo de xeito restritivo:

*«(...) Sobre todo cando non se realizan a solicitude do interno, nin teñen por finalidade asegurar a súa persoa, pois en caso contrario poden significar unha sanción encuberta sen as garantías que establece o procedemento sancionador (Auto 857/02, de 11 de abril). E segue: (...) Debe realizarse unha interpretación que asegure a proporcionalidade da medida coa entidade dos feitos que deran lugar a ela, así como a súa temporalidade ou carácter provisional, que permiten acomodar a súa duración á dos feitos –por definición, excepcionais– que foran a ocasión de acordala».*

#### 4.8. Xénero

O xénero configura o sistema penitenciario, de tal xeito que tamén configura a diferente experiencia de vida e aplicación do illamento penitenciario.

Para Sharon Salev<sup>21</sup>, as mulleres e disidencias encarceradas adoitan ter historias e necesidades múltiples e complexas. Moitas delas teñen fillos ou fillas. Un gran número delas padece un trastorno de estrés postraumático, ten problemas de saúde mental diagnosticados e padece trastornos de saúde mental e de consumo de substancias ao longo da súa vida. A isto únese a experiencia maioritaria de teren sido vítimas de violencia familiar, violación e/ou agresión sexual:

*«A maioría experimenta o confinamento en solitario como unha experiencia profundamente traumática, con frecuencia retraumatizante. As autolesións son habituais entre as mulleres en réxime de illamento. Nese sentido, non é preciso ir demasiado lonxe para entender os efectos potenciais de colocar unha persoa traumatizada en condicións traumatizantes».*

Ademais, atopamos o feito de que, ao non existir módulos para mulleres de cumprimento do artigo 10 da LOXP en moitas provincias, as reclusas teñen necesariamente que abandonar a provincia e son afastadas dos seus vínculos sociais. Todo isto endurecendo máis aínda as condicións de illamento. No caso de que as celas de illamento estean dispostas en módulos de homes, como no caso da prisión de Soto, no economato non se venden nin compresas nin tampóns, polo que se complica o acceso a elementos

---

21 <https://www.apt.ch/es/blog/la-reclusion-en-regimen-de-illamento-es-mas-dura-para-las-mujeres-debe-dejar-de-aplicarse>

básicos da hixiene ás reclusas.

Pese a un uso menor da violencia por parte destas para resolver os conflitos e ter un perfil criminal onde a violencia está apenas presente, aplícaselles o illamento provisional, as correas homologadas e a forza física nunha porcentaxe maior a elas que aos homes.

Como vimos nos relatorios do MNPT: «O feito de que as mulleres sufran illamento provisional, aplicación de correas para a súa total inmovilización e emprego da forza física nunha porcentaxe maior á dos homes indica que estas medidas son utilizadas como unha forma de castigo informal, que pode suxerir unha maior resistencia a Administración a admitir a insubordinación da muller».

Ademais, «constatouse que as mulleres sofren tamén unha porcentaxe desproporcionadamente maior de aplicación do artigo 75.1 (medidas restritivas adoptadas fóra do sistema de garantías do illamento do Regulamento penitenciario) e durante períodos máis prolongados que os homes».

## 5. Testemuños

Nos testemuños recollidos de persoas que foron sometidas a illamento penitenciario podemos identificar, simplificando, tres aspectos que fan destes módulos especiais – «*bunkers* de desolación e castigo», como acertadamente os define V.P. (preso durante 30 anos)– un espazo de impunidade, deseñado para recluír persoas que destacaban pola súa combatividade:

*«Desde hai uns anos, as persoas que moran nestes departamentos, son persoas que xa de por si están arrasadas, persoas que non teñen ningún control de si mesmas, das súas vidas, persoas cunha serie de problemáticas, trastornos e patoloxías mentais que as impiden ou incapacitan para vivir nun contexto de certa normalidade, non digamos xa para resistir ou combater os terríbeis efectos que produce o réxime de illamento ou primeiro grao, producíndose unha situación de extrema crueldade, quedando atrapados e enquistados nese réxime brutal, que se ceba con eles e que lles aplica e inflixe con toda contundencia os mesmos remedios, porque a institución é cega ás persoas e as súas circunstancias persoais, é unha máquina trituradora que só entende de díxitos e, toda vez construídos estes espazos, hai que enchelos e mantelos, optimizalos, é como se a un hospital que foi construído e dotado para doentes de cancro, a falta doutro tipo de pacientes, a todo o que pasa por aí se lle aplica quimioterapia, se se me permite o símil». (V.P., preso durante 30 anos)*

En primeiro lugar, é preciso referir o forte impacto que produce a entrada nestes módulos e a inmediata percepción de atoparse nun mundo sórdido e sombrío, moi diferente do que se deixa atrás. Un mundo con normas descoñecidas no que a presa ou o preso será obrigado non só a permanecer en reclusión solitaria, en numerosos casos durante máis de 20 horas por día, senón que tamén terá que facer fronte a unha situación de indefensión absoluta.

A.S. recoñece que, a pesar da súa relativa familiaridade co mundo carcerario, nada o preparara para o que atopou alí. «*Esta ignorancia debíase pura e simplemente a que é moi difícil imaxinar con nitidez submundos de tal tensión e violencia cando se habita un mundo exterior».*

En segundo lugar, chama a atención a denuncia constante da extrema sordidez das instalacións e a arbitrariedade da que gozan os funcionarios á hora de impor normas non recoñecidas pola lexislación. Unha crueldade mesquiña e cotiá que vai erosionando día a día o equilibrio das persoas reclusas.

Abundan os testemuños que describen a indixencia das instalacións:

*«Os módulos de illamento están situados en baixos, as xanelas están enreixadas, o que non permite a luz natural e, ademais, a metro e medio da cela hai un muro,*

*que non che permite nin sequera ver o ceo. A luz artificial da cela está nunha parede e é unha pequena lámpada dentro dunha caixa de plástico, esa luz non permite ler nin na cama nin na mesa, nin sequera de día». (presa vasca, anónima)*

*«Duchas atascadas, moita sucidade, colchóns con vómito ou rotos... As xanelas daban a un patio morto, moi pequeno, tapado con arame. A única visión do mundo que tiñamos eran anaquiños do ceo azul da serra madrileña». (M.O.)*

*«Das moitas prisións nas que estiven en primeiro grao, fronte á miña xanela sempre houbo un muro gris a non máis de tres ou catro metros e incluso unha chapa con buratos que non ves nada».*

E a ausencia total de privacidade (*«chamadas, cartas, comunicacións por cristal, todo estaba intervado. Incluso os vis a vis íntimos estaban intervados, escoitábannos por uns interfonos»*), tamén nas consultas médicas (*«poder ser examinado por un facultativo con respecto da intimidade da persoa, non en presenza de funcionarios, non a distancia a través dun burato practicado no formigón (15 x 20 cm) ou a través dos barrotes da cela»*).

Por outra parte, como xa se indicou, a ampla marxe de arbitrariedade da que gozan os funcionarios de prisións á hora de impor as súas propias normas é outra denuncia frecuente. Un comportamento arbitrario que a institución non parece interesada en corrixir e que se plasma en obrigas e restricións caprichosas impostas ás persoas presas: esixencia –declarada abusiva polos xulgados de vixilancia penitenciaria en numerosas ocasións– de permanecer de pé na cela no momento do reconto nocturno; imposibilidade de dispor de efectos persoais imprescindíbeis –incluído material de estudo– varios días despois de ingresar no módulo de illamento; prohibición de orar na cela –unha medida reservada aos presos musulmáns–; obstáculos cos que se anula a posibilidade de realizar as chamadas telefónicas autorizadas por lei; elección caprichosa de horario de patio, dificultades para conseguir calquera elemento que poida contribuír a satisfacer necesidades básicas ou incluso incautación de efectos enviados por familiares.

*«A única solución [á falta de luz] é conseguir un flexo, que só se autoriza a aquelas persoas que están matriculadas nalgún curso da UNED. Ademais, como todo en illamento, conseguir un flexo supón un reto que dura meses, incluso nalgúns casos chegando até o xuíz». (presa vasca anónima),*

*«Mandáronme un paquete co Corán e unha alfombra para rezar mais non mo deron».*

A todo isto aínda hai que sumar a utilización sádica dos malos tratos e torturas inflixidos a outras persoas presas:

*«Se na cela do lado suxeitaron alguén con correas, abrirán todas as portas que chegan até a galería cada hora e abriránlle a porta ao que está suxeito, co cal é*

*imposíbel descansar xa que se oe todo, tamén as queixas, protestas e gritos de dor da persoa sometida a suxeición». (presa anónima)*

Unha situación cotiá que converte os módulos de illamento neses «podredoiros de almas» dos que fala V.P. (preso 30 anos).

*«É como un inferno, se non estás forte toleas. A xente suicídase, queima o chabolo, falan sos... e ti escóitalo». (Preso en illamento durante máis dun ano en prisión preventiva, despois posto en liberdade sen cargos)*

En terceiro lugar, debemos mencionar a que é, se cadra, a máis grave, se se poden establecer graos nunha situación de horror como a descrita nestes testemuños, das sevicias que sofren as persoas sometidas a illamento penitenciario: os malos tratos e as torturas (agresións físicas, malleiras, suxeicións prolongadas, ...).

## 6. Conclusións

A partir da revisión realizada pode concluírse que o illamento penitenciario supón un trato inhumano e degradante que constitúe tortura, vulnerando os estándares internacionais de dereitos humanos na materia.

Descubrimos as posturas de Organismos Internacionais, moi críticos co réxime do illamento penitenciario no Estado Español, mais á súa vez descubrimos que os seus traballos se reducen a visitas periódicas a unha mostraxe de prisións españolas, a denuncias de situacións que gravitan sobre a violación de dereitos fundamentais no illamento, impropios de países que queiran ser cualificados de democráticos.

Comprobase, palpablemente, que as súas intervencións se limitan a meras recomendacións ao Estado, carentes de valor para corrixir situacións extremas, por carecer de forza coactiva coas desviacións e o non acatamento das súas Resolucións, o que supón o mantemento do illamento con total impunidade, tal como se demostra nos repetidos Relatorios formulados ano tras ano, sen un cambio de paradigma.

En relación cos efectos físicos do illamento, este aumenta o risco de sufrir hipertensión. A respecto da poboación anciá, o réxime de illamento pode provocar deficiencia de vitamina D, o que pon as persoas adultas maiores en perigo de sufrir fracturas e caídas. Do mesmo xeito, afecta de maneira máis intensa a súa saúde mental.

Ademais de constatar unha maior sensibilización por parte de organizacións científicas e medios de comunicación acerca do uso do illamento como unha práctica inhumana, en canto aos efectos mentais do mesmo corrobórase que o illamento penitenciario producía síntomas clinicamente significativos de depresión, ansiedade ou culpa na metade da mostra de investigación. Os datos mostraron taxas desproporcionadamente altas de doenzas mentais graves e de comportamentos autodestrutivos (suicidios, autolesións) en comparación co resto da poboación reclusa. A análise das entrevistas revelou outros síntomas provocados polo illamento, como a perda de identidade e a hipersensibilidade sensorial. Outros estudos apuntan a que quen sufriu réxime de illamento ten maior posibilidade de padecer trastorno de estrés postraumático.

Unha revisión bibliográfica sobre os efectos do illamento das mulleres conclúe que, dado que as mulleres encarceradas experimentan taxas desproporcionadas de enfermidade mental, que as prácticas coercitivas poden agravar, e que a maioría dos traballos revisados non teñen en conta estes feitos, as investigacións que analizan os resultados da saúde materna das mulleres encarceradas deberían examinar criticamente o impacto das prácticas coercitivas e punitivas.

En relación cos efectos que ten na mortalidade, conclúese que as persoas encarceradas que pasaron tempo en illamento tiveron unha mortalidade xeral máis alta cinco anos despois da súa liberación que aquelas que non sufriron ese réxime penitenciario.

Tamén constatamos como o illamento afecta outros dereitos que se ven limitados ou simplemente coartados, como o dereito á vida e á integridade física e moral, a liberdade relixiosa e de culto, a asistencia ás actividades de tratamento como forma de reeducación e reinserción social, a tutela xudicial efectiva ou o dereito á familia, entre outros.

Todo o anterior lévanos a reclamar, como única solución para cumprir cos dereitos humanos das persoas privadas de liberdade, a abolición do illamento penitenciario, mediante Lei Orgánica no Parlamento español.